

## sarria

A primeira fin de semana de maio terá lugar a XXIX Feira de Antigüidades de Sarria. **Páx. 3**

## láncara

A XXVII Feira Degustación da Tenreira Galega celebrárase a finais de abril e comezos de maio. **Páx. 14**

## paradela

O libro 'Antes pasábase por aquí' de Sonia Arias presentouse nun acto na vila. **Páx. 16**

## samos

Xa está todo preparado para desfrutar dos III Cantos de Taberna, con música en directo. **Páx. 17**

## o incio

Dedicarán 1,7 millóns de euros a mellorar as estradas de servizo ao encoro de Vilasouto. **Páx. 18**

# O San Xoán de Sarria virá cargado de música



## Xa preparan os eventos musicais do verán

Sarria prepárase para acoller festivais como o Sarria Blues ou o Ribela Love Nature. **Páx. 2-3**

## Carmela López reuniuse con Alfonso Rueda

A presidenta da Deputación entregou un decálogo para o futuro da provincia de Lugo. **Páx. 20**

## A Ribela contará cun novo videomarcador

A Deputación de Lugo asume o custo total desta incorporación no campo municipal de fútbol. **Páx. 22**

## Sarria Bikers



Kellie López Arias asume a Presidencia da directiva con ilusión e proxectos. **Páx. 5**

## Habló Pablo



O artista sarriao volveu actuar na súa vila e di que lle gustaría facelo no San Xoán. **Páx. 8**

## Tania Balboa



A profesional da música participará como docente no III Obradoiro da BMCS. **Páx. 12**



INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m<sup>3</sup>, 1m<sup>3</sup>-1,7 m<sup>3</sup> Y 2.1m<sup>3</sup>



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsil.com



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

## SARRIA

## O festival Sarria Blues no Camiño celebrarase do 6 ao 9 de agosto



A vila de Sarria acollerá entre os días 6 e 9 de agosto de 2026 a quinta edición do festival Sarria Blues no Camiño, unha cita que se consolida como unha das propostas culturais máis destacadas do verán na provincia de Lugo. O evento volverá reunir durante catro xornadas unha ampla programación centrada no blues, combinando concertos, actuacións acústicas itinerantes, conferencias e proxeccións.

Tras a boa acollida das edicións anteriores, a organización aposta por manter a esencia do festival, que busca integrar a música en directo coa vida da vila.

Así, as actuacións non se limitarán a escenarios concretos, senón que tamén se desenvolverán en rúas e prazas, favorecendo a participación do público e creando un ambiente

musical continuo ao longo do día. Ademais da vertente musical, o festival contará cunha programación paralela de carácter divulgativo e formativo, con charlas e encontros arredor da historia e evolución do blues, así como proxeccións audiovisuais que permitirán achegar este xénero a públicos diversos. Esta combinación de actividades contribúe a reforzar o carácter cultural do evento e a ampliar o seu atractivo máis alá dos concertos.

Un dos aspectos que distingue o Sarria Blues no Camiño é a súa conexión co Camiño de Santiago, xa que durante esas datas a localidade recibe un importante fluxo de peregrinos que teñen a oportunidade de atoparse cunha proposta musical inesperada, convertendo o festival nun punto de encontro entre culturas e sensibilidades.

## As festas de San Xoán de Sarria serán do 23 ao 27 de xuño

As festas patronais de San Xoán de Sarria desenvolveranse entre o 23 e o 27 de xuño cunha ampla programación de actividades. O campo de rugby e a contorna da Rúa Castela volverán acoller a maior parte dos actos, por ser o espazo máis adecuado para facilitar o descanso da veciñanza, evitar a acumulación de tráfico no centro, manter libre o acceso ao ambulatorio e reunir nunha mesma zona as actuacións musicais, os postos ambulantes e as barracas. A única excepción será, como cada ano, a tradicional Noite do Lume, que se celebrará no campo da feira. Esa xornada, o 23 de xuño, marcará o inicio oficial das festas co pregón desde o balcón da casa consistorial. Tras o lanzamento do foguete que anunciará o comezo das celebracións, actuarán varias agrupacións locais, nun acto no que tamén participarán as Pampónigas e os xigantes



e cabezudos de Sarria, moitos deles inspirados en personaxes da historia local. O programa incluírá tamén animación diaria con pasarrúas e actividades pensadas para o público infantil, entre outras propostas.

En canto ás actuacións musicais, están confirmadas orquestras e formacións como París de Noia, Los Saté-

tes, Trébol ou Charleston Big Band. A programación contará tamén co folk tradicional do grupo Eoas e cun concerto gratuito incluído no programa Vibra Xoán.

Nas festas volverán establecerse horas sen ruído nas barracas para que as persoas con hipersensibilidade acústica poidan gozar das atraccións.

## Programan unha axenda cultural para abril con teatro, literatura e actividades

Sarria contará en abril cunha variada programación cultural con actividades para todos os públicos, centradas na Casa da Cultura, a Biblioteca e a Casa do Marqués. O día 8 celebrarase "Último conto na biblio con Lola e Enora" ás 17:30 horas na Biblioteca Pública. O día 10 terá lugar "450 anos de Gregorio Fernández con Arlindo" ás 20:00 horas na Casa da Cultura, e o día 11 "Contos pola igualdade con Treboada Teatro" ás

18:00 horas no mesmo espazo. O 15 de abril desenvolverase o obradoiro de escrita creativa con María Casar ás 19:00 horas na Casa da Cultura. O día 17 proxectarase o documental "O camiño de Cova Eirós" ás 20:00 horas, e o día 18 inaugurarase a exposición "O teixón freático" na A Sede. O 19 celebrarase "As punkis da literatura 'Repunknitas'" ás 20:00 horas na Casa da Cultura. O día 22 terá lugar unha nova sesión dos "Mércoros

de contos" ás 17:30 horas na Biblioteca Pública.

O 24 haberá dobre cita na Casa da Cultura: presentación de "Utreia" de Francisco Narla ás 19:00 horas e de "A eclipse do 12 de agosto" de Borja Tosar ás 20:30 horas.

A programación completarase coa Feira do Libro os días 25 e 26 na Casa do Marqués e con "Simposios salvaxes" o día 29 ás 20:00 horas na Biblioteca Pública.

**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694  
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

## A XXIX Feira de Antigüidades e Restauración de San Lázaro xa ten data

A Asociación de Anticuarios e Restauradores San Lázaro de Sarria, en colaboración co Concello, organiza a XXIX Feira de San Lázaro de Antigüidades e Restauración, que converterá a vila nun punto de referencia para os amantes das pezas históricas, curiosas e de colección entre os días 1, 2 e 3 de maio.

Nesta edición, a cita amplía a súa duración cun día máis, consolidándose como un evento de renome tanto en Galicia como fóra dela, ao reunir un amplo número de expositores e postos especializados en antigüidades e coleccionismo, dirixidos a todas aquelas persoas interesadas neste ámbito.

A feira está pensada para desfrutar con todos os sentidos, xa que, ademais da oferta expositiva, haberá postos con propostas gastronómicas



cas que complementarán a experiencia do público asistente durante os tres días de celebración.

Ademais, este ano a feira converteuse no único gran evento que terá lugar en Sarria durante esa fin de semana, ao contrario do ocorrido na pasada edición, cando coincidiu con outras citas como o Eixo Atlántico,

a Pretorian Race Sarria Extreme e o III Rally de Regularidade Vila de Sarria do Club Clásicos.

Deste xeito, a organización destaca que esta edición ofrecerá tres días especiais centrados exclusivamente nas antigüidades e na restauración, reforzando o atractivo desta cita consolidada no calendario.

## O Club Clásicos Sarria organiza o IV Rally de Regularidade Vila de Sarria

O Club Clásicos Sarria organiza o Rally de Regularidade Vila de Sarria, unha cuarta edición que terá lugar os días 8 e 9 de maio. A cita volverá reunir a afeccionados ao motor e propietarios de vehículos clásicos nun evento que cada ano atrae a seguidores do automobilismo.

Como é habitual, o encontro comezará coa apertura do parque pechado no aparcadoiro do Campo do Río, lugar no que se reunirán os vehículos participantes. Neste mesmo espazo permanecerán expostos os coches durante as dúas xornadas, permitindo que o público xeral poida achegarse para contemplar



de preto os distintos modelos que formarán parte do rally.

Desde a organización avanza que a edición deste ano incorporará varios cambios con respecto ás anteriores.

O evento consolidouse nos últimos

anos como unha das citas destacadas para os afeccionados aos vehículos clásicos, combinando a competición propia dun rally de regularidade coa posibilidade de gozar dunha exposición de automóbiles históricos.

## O Festival Ribela Love Nature de Sarria engade novos artistas



Os organizadores do Festival Ribela Love Nature de Sarria continúan desvelando os nomes que formarán parte da súa quinta edición, que terá lugar os días 21 e 22 de agosto.

Á lista xa anunciada, na que figuran Or:la, Pariah, Phantom Circuits, Call Super, Catarina Silva, Gala, Legowelt (Zorlok Compressor live), Kosu Nes, Leiras, Oxygeno e Slit Observers, súmanse agora KTDKT e Jor Ginho. O dúo KTDKT, formado en Madrid, destaca por un estilo que combina ritmos dinámicos, baixos contundentes e melodías envolventes, cun son que transita do electro dos anos 90 ao *progressive* actual. Pola súa banda, Jor Ginho regresa como unha das figuras habituais do festival, cunha proposta versátil que se move entre *house*, *electro* e *breakbeats*.

Máis alá do cartel, o Ribela Love Nature define a súa identidade a través de obxectivos claros, como o de crear comunidade, favorecendo un espazo no que as persoas poidan compartir música, momentos e experiencias que xeren conexións reais, construíndo un ambiente de proximidade no que cada asistente aporta e recibe.

Outro dos piares é a aposta pola creatividade, entendida como a capacidade de ir máis alá do convencional, explorando distintas expresións culturais e abrindo a abertos menos habituais. O festival busca así ampliar a paisaxe cultural e permitir que a diversidade conviva sen xerarquías. A organización tamén incide no apoio ao talento local, ofrecendo visibilidade a proxectos do territorio e facilitando o seu encontro con artistas internacionais, reforzando así a escena e xerando un diálogo directo entre o próximo e o global.

Ademais, aposta pola calidade fronte á cantidade, baixo a idea de reducir estímulos para dar máis sentido á experiencia. Cada detalle é coidado para construír un espazo no que o público poida gozar da música con atención, tempo e sen distraccións. Outro dos obxectivos é fomentar a conexión co presente, convidando a vivir o festival sen présas, centrado na experiencia e no momento. A isto súmase a vontade de garantir un espazo seguro, baseado no respecto mutuo, o coidado das persoas e da contorna natural, en coherencia co seu nome e filosofía.

**Tapisa, s.l.**  
TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165  
646 599 185  
Crt. Comarcal 546, km 21 Sarria

**ELECTRO INSTALACIONES ELECTRICAS SARRIA S.L.**  
INSTALACIONES ELECTRICAS, FOTOVOLTAICAS Y CARGADORES VEHICULOS ELECTRICOS

**CARGADORES PARA COCHES ELÉCTRICOS INSTALADOS POR PROFESIONALES**

CONECTA CON EL FUTURO EN TU HOGAR O NEGOCIO

¿Sabes que podemos instalar tu cargador eléctrico con hasta un 80% de subvención? Nosotros realizamos los trámites. Asesórate sin compromiso

Pol. Ind. San Julián de la Vega, Nave 4  
27614, Sarria  
621 263 958 982 167 196  
administracion@electrosarria.es

## A Ponte de Áspera foi rehabilitada pola Xunta



A ponte da Áspera, situada no municipio de Sarria ao seu paso polo Camiño Francés, vén de ser rehabilitada nunha intervención impulsada pola Xunta de Galicia, que destinou preto de 50.000 euros á recuperación desta infraestrutura histórica e á mellora da súa contorna.

A actuación centrouse tanto na restauración da propia ponte como na posta en valor do espazo no que se integra. Neste sentido, realizáronse labores de limpeza e saneamento dos paramentos exteriores, eliminando elementos deteriorados e mellorando o seu estado de conservación. Ademais, leváronse a cabo tarefas de acondicionamento na contorna inmediata, co obxectivo de ofrecer unha imaxe máis coidada e acorde coa relevancia patrimonial do enclave.

Entre os traballos executados inclúese tamén a reconstrución do firme, fundamental para garantir un tránsito máis cómodo e seguro, así como actuacións de canalización e drenaxe que permiten evitar acumulacións de auga e posibles danos futuros na estrutura. Estas melloras resultan especialmente relevantes tendo en conta o elevado número de persoas peregrinas que atravesan este punto ao longo do ano.

O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, subliñou que esta intervención se integra na estratexia autonómica de conservación do patrimonio vinculado ao Camiño de Santiago, incidindo na importancia de manter en bo estado tanto os elementos históricos como as infraestruturas que forman parte da experiencia xacobea. Segundo destacou, trátase dunha actuación que responde á vontade de continuar mellorando e preservando o trazado e os seus recursos.

Merelles puxo tamén en valor o peso específico de Sarria dentro do itinerario, ao tratarse dun dos principais puntos de inicio do Camiño Francés. En 2025, o 68 % das 242.183 persoas que optaron por esta ruta comezaron o seu percorrido nesta localidade, o que evidencia a súa relevancia dentro do conxunto do Camiño de Santiago. Este fluxo constante de peregrinos xustifica o esforzo inversor da Xunta na zona. Entre os anos 2015 e 2025 destináronse preto de 700.000 euros a tarefas de limpeza, roza e conservación do Camiño Francés ao seu paso por Sarria, dos que máis de 70.000 euros corresponden ao último ano.

## Reclaman ao Goberno Central recuperar servizos ferroviarios

O Pleno do Concello de Sarria estivo marcado polo debate arredor dunha moción presentada polo Partido Popular na que se solicitaba ao Goberno central a recuperación dos servizos ferroviarios suprimidos nos últimos anos, con especial atención aos trens nocturnos eliminados durante a pandemia, así como a incorporación de material máis moderno na rede. A proposta tamén incluía a necesidade de restablecer a presenza de persoal na estación para recuperar a venda presencial de billetes e mellorar a atención ás persoas usuarias, un servizo que consideran fundamental, especialmente nos períodos de maior afluencia asociados ao Camiño de Santiago.

Durante a sesión, a portavoz popular, Carmen José López, cuestionou que se presente como unha mellora un simple cambio de horarios nas conexións con Madrid e definiu a situación do tren como “unha arteria que está a sufrir un infarto pola deixadez de Renfe e do Goberno”. Ademais, denunciou a redución de frecuencias ao longo dos últimos anos e criticou que a maior parte dos trens continúen sendo diésel. López tamén lembrou que Sarria é punto de partida do Camiño Francés para milleiros de persoas e cualificou a estación ferroviaria como “pantasma”, reclamando a recuperación de persoal para a venda de billetes e información ás viaxeiras e viaxeiros. A iniciativa contou co respaldo do equipo de goberno, Camiña Sarria, e do BNG, formación que tamén puxo o foco nas conexións por autobús. Ambos grupos advertiron da situación da estación de autobuses e da perda de frecuencias con cidades como Lugo ou Santiago. Neste



contexto, o alcalde, Claudio Garrido, lamentou que actualmente só exista unha conexión diaria en autobús coa capital galega.

Pola súa banda, o PSOE votou en contra da moción e defendeu os investimentos realizados polo Goberno central nesta materia, cualificando a proposta de demagóxica. O concelleiro Diego López cifrou en 645 millóns de euros o investimento destinado á modernización da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense, destacando actuacións como a variante da Pobra de San Xiao ou o novo túnel de Oural, que substitúe ao anterior, datado no ano 1883. No pleno tamén se abordou unha moción do PSOE sobre a falta de vivenda de alugueiro social no municipio, aínda que finalmente quedou sobre a mesa ao non estar incluída na orde do día. O resto dos grupos rexeitaron incorporala de maneira extraordinaria e reprocharon ao seu portavoz, Benjamín Escontrela, non ter trasladado previamente a proposta, ao que este respondeu que se debeu a un erro. Ademais, aprobouse por vía de

urxencia unha prórroga no contrato do servizo de axuda no fogar e unha cuestión urbanística que permitirá tramitar unha licenza de obra na rúa Benigno Quiroga. A sesión concluíu sen que ningún representante de Camiña Sarria asumise a portavocía tras a dimisión de César No a comezos do pasado mes de febreiro.

**DENUNCIAN QUE SARRIA QUEDA SEN PRAZAS XUDICIAIS.** Os senadores lucenses do PP, José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, alertan de que o Goberno de Sánchez “non prevé a creación dunha nova praza xudicial en Sarria”. Os populares interesáronse polos plans do Ministerio de Xustiza tras o anuncio da creación de 500 novas unidades xudiciais, das cales, segundo a resposta oficial, “ningunha se destina a estes municipios”. Así, condenan o que consideran un desprezo do Goberno de Sánchez ás necesidades dos xulgados de instancia de Sarria.

**PERMUY  
GESTIÓN**

**CORREDURÍA DE SEGUROS**

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA  
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de abril!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

**¡TE ESPERAMOS!**

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47  
982 53 50 63  
610 221 677

# Kellie López: “Encantaríame que se unisen máis mulleres ao Club Sarria Bikers”

O Motoclub Sarria Bikers inicia unha nova etapa tras a recente renovación da súa directiva, un cambio que chega a pouco máis dun mes da celebración da súa IV Concentración Motera de Sarria, que terá lugar os días 15, 16 e 17 de maio. Á fronte da entidade sitúase agora Kellie López Arias, de 26 anos, quen asume a Presidencia acompañada

non quería que desaparecese”. Neste contexto, defende que é “de vital importancia” manter vivo o proxecto de Sarria Bikers co obxectivo de “promover a afección ás motos”.

Desde os seus inicios no club, Kellie tivo claro que o vínculo co territorio debía ser un dos piares fundamentais da entidade.

Así, subliña a relevancia de incluír o

Estas saídas consolidáronse como un espazo de convivencia e afección compartida. “Somos moitos os que nos xuntamos e desfrutamos de rutas e tamén de comidas xuntas, compartindo o que máis nos gusta. É unha forma de xuntarnos, desfrutar da velocidade, das paisaxes e pasar un tempo xuntos”, destaca a presidenta, que xa adianta a súa

nizada por un grupo musical.

O sábado comezará cunha ruta moteira que dará paso a unha sesión vermú coa charanga Eravisto. A continuación, os participantes desprazaranse ata Portomarín, onde terán lugar os pinchos. Xa pola tarde, o programa inclúe xogos populares e unha exhibición de *stunt* a cargo de Balles e Pichu. Pola noite, tras un percorrido con fachos polas rúas de Sarria, celebrarase a cea e unha verbena cunha orquestra.

A xornada do domingo desenvolverase cunha ruta pola zona de Vilasouto, no Incio, antes da comida final, na que tamén se realizará a entrega de premios e o sorteo de agasallos. A inscrición para os moteiros terá un prezo de 50 euros polos tres días e incluírá tanto a pancetada do venres como os almorzos, pinchos, cea do sábado e o xantar do domingo.

A organización conta co apoio do Concello de Sarria, unha colaboración que Kellie valora moito, ao afirmar que “sempre colabora con nós, polo que agradecemos o seu apoio”. A intención do colectivo é consolidar esta concentración como unha cita fixa cada mes de maio.

Máis alá deste evento, a nova presidenta fixa como obxectivo reforzar a actividade ao longo de todo o ano. “E despois a miña idea é facer máis rutas ca outros anos e organizar comidas en distintos lugares para seguir facendo cousas e que a asociación se manteña viva”, sinala. López afronta esta etapa con ilusión, consciente tamén dos retos dun sector que considera “bastante masculinizado, aínda que cada vez hai máis mulleres, e eu animo ás mulleres a sacar o carné de moto; encantaríame que se unisen a Sarria Bikers”.

## O Buri ten en marcha dous concertos para Sarria

Sarria prepárase para vivir dúas intensas xornadas musicais na sala Buri. A programación arrincará o 29 de abril coa actuación da banda brasileira Deathgeist, e continuará o 7 de maio cun concerto dobre protagonizado por Titano e Átávico. A primeira cita traerá ata a vila a Deathgeist, unha formación que chega cunha proposta centrada no *thrash metal* máis agresivo, marcada por un son potente, unha actitude enérxica e un directo de gran intensidade. Xa en maio, a sala Buri acollerá unha noite de música en directo cun concerto que reunirá a dúas bandas con identidade propia dentro da escena rock e metal. Por unha banda estará Titano, un proxecto emerxente que se move nos límites do *metal* extremo, combinando influencias do *deathcore* con elementos experimentais e un son directo de gran forza. A banda presentou recentemente o seu primeiro sinxelo, «The Apex Is Here», e comeza a abrirse camiño no panorama musical coa vista posta en futuros concertos e festivais no 2026.

Compartindo cartel, Átávico alcanzará a súa proposta de rock alternativo desde Medellín, cun estilo que transita entre a sensibilidade melódica e a intensidade máis crúa do xénero. As súas composicións mesturan ritmos envolventes con letras centradas nas emocións, explorando temáticas como o amor e o desamor. O concerto do 7 de maio dará comezo ás 21:30 horas e espérase que reúna a público local e procedente doutros puntos.



por Pablo Goyanes Losada como secretario e Adrián López López como tesoureiro, ademais de Sara Rodríguez Díaz, Eric Fernández Buján e Antolín Sánchez Díaz como vogais. A nova presidenta dá este paso respaldada por un equipo co que pretende reactivar o pulso dunha asociación que, malia levar catro anos en funcionamento, atravesaba unha etapa de menor dinamismo. Segundo explica, a súa decisión estivo motivada pola sensación de que o colectivo estaba “algo apagada e

nome de Sarria, xa que “o mundo das motos é importante, pero sobre todo dar a coñecer as rutas que se poden facer pola comarca de Sarria, onde temos o Camiño de Santiago, e lugares increíbles que se poden coñecer ao ir en moto”. Ao longo destes catro anos, a entidade organizou diversas rutas nas que participan a maioría dos seus arredor de 40 socios, procedentes tanto da vila como doutros puntos da contorna e mesmo de localidades como Palas de Rei.

intención de impulsar máis rutas e encontros ao longo do ano.

**CONCENTRACIÓN MOTERA.** No calendario máis inmediato destaca a IV Concentración Motera de Sarria, un evento que volverá reunir a numerosos afeccionados ás dúas rodas cun programa variado, aínda por concretar na súa totalidade. A cita arrincará o venres 15 de maio no campo da feira cunha pancetada popular aberta á veciñanza, cun custo de 5 euros, e que estará ame-



**EXCLUSIVIDAD**  
para la **SALUD**  
de tu **SONRISA**

**Especialistas centrados en:**

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13  
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo  
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

**¡Ortodoncia todos los días!**  
Lunes, miércoles y jueves:  
12:00 a 20:00 h  
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

## Peleriños promove unha aula de baile tradicional e un obradoiro de enfiado



A Asociación Cultural Peleriños vén de anunciar dúas iniciativas que combinan formación e lecer: unha aula de baile tradicional e un obradoiro de enfiado de colares ao xeito tradicional.

No ámbito do baile, a entidade impulsa unha aula dirixida a todas aquelas persoas que desexen iniciarse ou perfeccionar os seus coñecementos. A proposta nace coa intención de preparar aos participantes para as foliadas do verán, encontros festivos nos que a música e o baile tradicional adquiren un papel protagonista. Desde a organización subliñan que se trata dunha oportunidade tanto para principiantes como para quen busca gañar soltura e confianza na pista.

As clases desenvolveranse todos os martes ás 19.30 horas no local do Breogáns, nun ambiente pensado para favorecer a aprendizaxe progresiva e o desfrute colectivo. O encargado de impartir as sesións será Miguel Carballo, quen guiará aos asistentes no coñecemento dos pasos e ritmos propios desta disciplina. Por outra banda, a asociación organiza

tamén un obradoiro de enfiado de colares tradicionais que se celebrará o sábado 11 de abril na Casa da Cultura. A actividade estará impartida por Ana Nogareda Mato, integrante do proxecto Na Ristra, e ten como obxectivo achegar aos participantes as técnicas tradicionais de elaboración deste tipo de pezas.

O obradoiro estruturarase en dúas sesións ao longo da xornada, unha de 12:00 a 14:00 horas e outra de 16:00 a 18:30 horas, permitindo aos asistentes coñecer de primeira man o proceso de creación e as particularidades deste traballo artesanal. Desde a organización destacan que esta iniciativa busca fomentar a conservación e transmisión das técnicas tradicionais vinculadas á artesanía e á cultura popular.

A matrícula para a aula de baile xa está aberta, e desde a Asociación Cultural Peleriños animan á veciñanza a participar nestas propostas, que contribúen a manter viva unha parte esencial do patrimonio cultural galego ao tempo que crean espazos de encontro e aprendizaxe compartida.

## A asociación Rúa da Música de Sarria programa un concerto gratuíto

A asociación cultural Rúa da Música organiza para o vindeiro 10 de abril un concerto do grupo 7 Rojo, nunha cita que pretende dinamizar a vida nocturna da vila e achegar novas experiencias musicais ao público.

O evento terá lugar ás 23.00 horas na propia sede da entidade, emprazada entre a rúa Nova e a rúa Liberdade, un espazo coñecido popularmente como rúa da Música. Este enclave, que dá nome á asociación, converteuse nos últimos anos nun punto de encontro para a cultura e a música en directo.

A entrada será completamente gratuíta, unha circunstancia que desde a organización destacan como fundamental para facilitar o acceso de



todos os públicos á programación cultural. Con esta proposta, a asociación busca seguir promovendo iniciativas abertas e participativas, reforzando o seu compromiso coa difusión da música e o apoio a bandas que apostan polo directo.

O concerto de 7 Rojo preséntase así como unha nova oportunidade para desfrutar dunha noite de música nun ambiente próximo e acoledor, nun dos recunchos máis singulares de Sarria, onde a cultura segue atopando o seu espazo.

## As obras de rehabilitación da igrexa de Santa Mariña rematarán en verán

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude continúa coas obras de conservación da igrexa de Santa Mariña de Sarria, que teñen como previsión estar rematadas para o verán. Con 550.000 euros, estase a restaurar a cuberta de lousa para solucionar as filtracións de auga ao interior do templo. Para mellorar a cuberta, substituirase o entaboadado por novas táboas de madeira de castiñeiro. Tamén se está a recuperar o chapitel que remata a torre do campanario, tanto na súa estrutura de madeira como no revestimento de zinc, ademais de acondicionar a escaleira de acceso á torre e restaurar a cruz de ferro forxado situada na parte superior da igrexa.



No exterior, estase a mellorar as carpinterías, limpando a canteira, eliminando fungos e vexetación, reparando xuntas entre perpiños e pintando os paramentos. Así mesmo, incrementase a accesibilidade cunha

rampla na entrada pola porta sur. No interior, recupérase o espazo do antigo baptisterio e restáurase a pila bautismal, de orixe románico. A caldeira da calefacción foi renovada e trasladada a outra parte do edificio.

**OSCAR**  
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES



# Alquiler de Vehículos en Sarria

**VEHÍCULOS INDUSTRIALES**



DESDE **36€** /DÍA

**TURISMOS**



DESDE **30€** /DÍA

**MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS**



DESDE **90€** /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

**NOPER CAR**

**TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD**

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...



# SARRIA, unha comarca con sabor



**O MIRALLOS**

Comida Casera  
Cocidos por encargo  
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela  
RESERVAS:  
TEL.: 639 010 696




**RESTAURANTE A CARBALLEIRA DE REBOLEIRA**  
LEÑA Y CARBÓN

**MAESTROS DE LA PARRILLA**

Instagram: @a.reboleira\_restaurante  
San Martín de Río Lancia  
A Reboleira 27692  
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:  
Telf. 982 546 063

Facebook: Casa de Airo Padron





982 535 334  
697 491 756  
Calvo Sotelo, 124  
27600 SARRIA (Lugo)

**A Pulperia de Luis**




**RIO LOYO**  
Restaurante

**Mesón Castro**



Domingo noche / lunes cerrado  
Amplia terraza de verano  
Comida para llevar

Reservas  
Cimo de Agra, s/n · Sarria / Tel. 982 041 697





**Pontenova**  
mesón restaurante

Amplia terraza de verano  
Servicio de catering  
Comida casera  
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram: @catering\_meson\_a\_pontenova  
Facebook: Meson pontenova






**A Fervenza**  
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com  
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad  
Eventos y reuniones



# “Sarria é o lugar que marca a miña identidade e gustaríame actuar nas festas do San Xoán”

**Pablo Valín (Sarria, 1986), máis coñecido como Habló Pablo, intenta transmitir valores nas súas cancións de rap, un xénero que, di, “o salvou” nun momento complicado da súa vida**

**Jessica Fernández**

**Quen é Habló Pablo?**

Despois de pasar toda a miña infancia no deporte, incluso proclamádomme varias veces campión galego, recíbeseume unha beca para ir ao centro de alto rendemento e dediqueime a viaxar e a adestrar 5 horas diarias desde moi pequeno; pero sempre me gustou a música. No ano 1995 a miña tía lévame a ver unha película chamada ‘Mentes Perigosas’ e escoito Gangsta’s Paradise, momento no que descubro o rap. Gustoume tanto que empezo a escoitalo e con 14 anos comezo a rapear. De feito, facíao no centro de alto rendemento, pero só como pasatempo. Cando remata a miña vida deportiva, volvo á casa e sinto como que non teño ilusión por nada, polo que me poño a rapear en serio e iso dálle sentido á miña vida. Así, comezo a producir discos baixo o nome de Anubis Metal Jack, en 2009 fun teloneiro de Public Enemy, un dos grupos máis importantes da historia do hip-hop, e en 2011 gañei un premio ao Mellor Artista de Rap Independente Español, pero a medida que a cousa se profesionaliza, voume desencantando un pouco e deixo a industria en 2014. Así, paso uns anos escribindo cousas pero sen publicar nada, e volvo en 2022 co proxecto Falou Pablo.

**Que diferenza este estilo do anterior?**

O que facía antes era máis ortodoxo, eu vén do rap clásico de principios dos anos 2000, e agora fago un rap máis aberto a outros estilos musicais. Ao final, o que fago non se afasta moito da figura dun can-

tautor, e de feito é un rap que está gustando a xente que a priori pensaba que non lle gustaba o hip hop, descubriendo que son mensaxes universais. Rap significa ‘rhythm and poetry’, ritmo e poesía, e eu sempre

a maioría, como é o meu caso.

**Como foi a acollida ao volver ao panorama musical?**

Estou moi contento, porque non é fácil, xa non es un neno, e o hip hop non é o mesmo agora que cando

esforzándome e loitando por iso; ás horas máis dedicadas é á música, estou ao 100% e o meu obxectivo é que cada vez máis todo se centre na música, pero é certo que non é fácil, sobre todo se es independente



Imaxe de Llum A. González

trato algo persoal e con temática social. Nas miñas cancións falo da infancia, da nostalxia, dos soños dun neno. O rap é liberdade, é mestizo e é antirracista, xa que abraza a todo o mundo, á xente que vén de abaixo e á que está pasando por momentos difíciles. O rap ten mala prensa porque moito se fala das vidas que se perderon por culpa del, pero pouco das que se salvaron, que son

tiña 20 anos, pero estou moi contento porque pasaron moitas cousas bonitas. Non me gusta demasiado o discurso triunfalista, pero cumprín algunhas cousas que se me dicesen de neno, teríame feito moita ilusión, e a verdade é que desde a humildade, desde abaixo e desde unha posición ás veces un pouco precaria, vai un conseguindo cousas que ilusionan moito. Por iso, estou

e tes que investir para facer as cousas ben: gravar discos custa diñeiro, gravar videoclips custa diñeiro, todo ao final é investimento.

**Hai pouco estivo en Sarria.**

Si, a verdade é que foi moi bonito, tiña moitísima ilusión porque facía 16 anos que non actuaba en Sarria e a resposta da xente foi moi boa, moi participativa; houbo xente que se acordaba da miña época ante-

rior, entón foi algo moi especial. Daríame moita ilusión actuar en San Xoán, porque teño recordos moi bos da miña infancia no San Xoán de Sarria e sería algo súper especial para min.

**Que significa Sarria para vostede?**

Sarria para min é o lugar que marca a miña identidade, medrar nun sitio pequeno é algo moi importante no meu día a día, ténho moi presente e creo que intentar ser humilde marcóume moito, algo que ademais ten que ver co hip hop: vés dun sitio pequeno e intentas medrar. Eu crecín nas Casas dos Mestres, que agora van derrubar e iso dáme unha pena tremenda. Alí gravei o meu videoclip ‘Infancia’, que foi o primeiro tema que saquei ao volver á música. No videoclip, de forma humilde, vense as Casas dos Mestres mesturadas con planos reais da miña infancia. Moitas veces vou alí nostáxico e é como viaxar ao pasado. De feito, no vídeo digo que “algún día derrubarán esas casas, pero entre os escombros seguirán os meus recordos para sempre”. En Sarria fun moi feliz.

**Cales son os seus proxectos de futuro?**

Estou gravando un disco que sairá este ano, producido por Juan de Dios Martín, un produtor marabilloso que estivo catro veces nomeado aos Grammys. Pero ademais é unha persoa increíble e teño a sorte de poder traballar con el e aprender moito, ademais de que é moi boa persoa. Estou moi ilusionado con ese disco. O 15 de abril sairá unha das cancións de avance, chamada ‘Pa que bailes’. E despois, en 2026 teño unha gran actuación en O Son do Camiño en xuño, en abril estarei en Verín, e iranse pechando máis concertos, que é o que máis me gusta, presentar os meus proxectos en directo. Cada día é diferente, podes cantar a canción mil veces, que cada día é distinto, e sempre pasan cousas moi bonitas, así que estou moi ilusionado.

**ESTE 2026 CUIDA TU SALUD ORAL. ¡VEN A CONOCERNOS!**



- Odontología estética
- Ortodoncia
- Odontología preventiva
- Implantología oral
- Endodoncia
- Cirugía oral
- Prótesis
- Periodoncia
- Odontopediatría
- Patología de la oclusión

• **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis.

Colegiada 27001306.

• **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología.

Colegiado 15001940.

• **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.

• **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



**CLÍNICA  
OBRADOIRO  
DENTAL**

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

## María Carretero doou a súa obra 'Peregrino do Amor 2026'

A artista sarriá María Carretero, acompañada por Domingo de Fama, que tamén doou unha obra súa, asistiu como Embaixadora de Honra 2025 á Gala Solidaria UP2U 2026 celebrada no ICAM de Madrid.

Durante o evento, Carretero entregou a súa creación orixinal 'Peregrino do Amor 2026', inspirada na obra pública e urbana "Homenaxe ao Peregrino" 1993-1996, que este ano conmemora o seu XXX aniversario de inauguración, motivo polo cal se están a organizar diversas actividades sociais e culturais.

O Peregrino do Amor é unha obra realizada a partir das Conferencias que organizamos na súa terceira edición 'AMOR: A Muller no Camiño de Peregrinación. Camiño de Santiago desde Canarias 2024', inspirada na obra pública e urbana "Homenaxe ao Peregrino"



1993-1996 de Sarria, que celebra este ano o seu XXX aniversario, e da cal se manterá puntualmente informada a sociedade.

María Carretero tivo tamén a ocasión de falar co alcalde do Concello de Sarria, Claudio Garrido, nomeado Embaixador de Honra 2026. Durante a conversa, a artista reiterou a súa disconformidade

coa situación actual, prolongada durante 13 anos, da obra pública e urbana situada en Sarria.

Este ano e o próximo Xacobeo 2027 marcarán o inicio, entre todas as partes afectadas, dun reto para a restitución da obra artística e a construción do ponte do Peregrino do Amor, guiado só polo Apóstolo Santiago.

## Sarria acollerá a exposición e probas do Pastor Alemán en maio



Sarria converterase os días 9 e 10 de maio nun dos principais focos da actividade cinolóxica a nivel estatal coa celebración dunha exposición monográfica e diversas probas especializadas do Pastor Alemán, unha raza de gran relevancia no ámbito da cría e do traballo canino. O encontro está dirixido tanto a criadores profesionais como a afeccionados chegados de distintos puntos de España, consolidándose como unha cita de referencia dentro do calendario anual. O evento contará coa presenza do xefe de cría da SV (Verein für Deutsche Schäferhunde), Bernd Weber, unha das figuras máis recoñecidas a nivel internacional no ámbito da selección e mellora da raza. Xunto a el estará Marcos López, representante da SECPA, quen exercerá como xuíz nas distintas probas previstas. Ambos serán os encargados de avaliar os exemplares participantes na exposición monográfica e nas probas específicas, garantindo un alto nivel técnico e rigor na valoración.

Entre as actividades programadas inclúense as probas de Korung, un exame fundamental para a selección de exemplares aptos para a repro-

ducción; o Wesenstest, centrado na análise do carácter e temperamento dos cans; e a proba AD (Ausdauerprüfung), destinada a medir a resistencia física dos animais mediante percorridos de longa distancia. Estas avaliacións son claves para determinar a calidade integral dos exemplares, tanto desde o punto de vista morfolóxico como funcional.

A cita desenvolverase no Campo de Rugby O Chanto, un recinto amplo e acondicionado para este tipo de eventos, que permitirá acoller tanto as exhibicións como as diferentes probas en condicións óptimas. Durante as dúas xornadas, o público asistente poderá presenciar de preto o comportamento dos cans en situacións reais de avaliación, así como coñecer o proceso de xuízo que determina aspectos como a estrutura, movemento, equilibrio e carácter.

Cómpre salientar que tanto Bernd Weber como Marcos López formarán parte tamén do Campionato Nacional de Cría 2026, o que engade un valor adicional á súa participación en Sarria e sitúa esta cita como antesala dunha das competicións máis importantes do calendario nacional.

## O Maratón Sta. María Eugenia recadou 1.155 euros para Hospitaleros

A ONG sarriá Hospitaleros Sin Fronteras fixo público o seu agradecemento ao Colexio de La Asunción de Sarria pola organización da carreira solidaria, que se celebrou recentemente co obxectivo de apoiar proxectos de cooperación internacional.

Grazas ao Maratón Sta. María Eugenia, recadáronse 1.155 euros, que se destinarán íntegramente á alimentación de 180 nenos talibé durante un mes, garantindo que poidan recibir unha dieta equili-

brada e adecuada ás súas necesidades.

Segundo destacou a ONG, iniciativas como esta non só teñen un impacto directo sobre os beneficiarios, senón que tamén fomentan valores de solidariedade, compromiso e responsabilidade social entre o alumnado e toda a comunidade educativa. O evento reuniu participantes de diferentes idades que, mediante a súa participación e o seu esforzo físico, contribuíron a crear un efecto positivo no ám-

bito internacional.

Proxectos como a Maratón Sta. María Eugenia permiten visibilizar necesidades de colectivos vulnerables e promover unha conciencia social que traslada aos máis novos a importancia da colaboración e o apoio mutuo. Ademais, destacan que este tipo de accións fortalecen os lazos entre a comunidade educativa e as entidades sociais, creando unha rede de apoio que se traduce en cambios reais para quen máis o precisa.



**PIZZERIA PAPPARAZZI**  
100% ITALIANI

**!!OFERTAS ESPECIALES!!**

**-50%** en la segunda pizza familiar

**-25%** en la segunda pizza mediana

**Martes**  
Familiar de Jamón a Bacon  
**8€**

Servicio a domicilio

Rúa Diego Pazos, 30 - Balao Sarria

982 012 026

**COMIDA PARA LLEVAR**

**cafe CUBAN bar**

**1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO'22**

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabar cubano@gmail.com

Tfno.: 982 886 580

cafebarcubano

## Sarria acolleu o encontro 'Mulleres en rede'



O polo de emprendemento de Sarria acolleu o encontro 'Mulleres en rede: da conexión á acción', unha iniciativa participativa orientada a impulsar o emprendemento feminino no municipio, compartir desafíos e xerar novas oportunidades de colaboración. A xornada, facilitada por Rocío Ovalle, configurouse como unha experiencia transformadora centrada en analizar, conectar e activar o ecosistema emprendedor feminino de Sarria e da súa contorna.

A sesión comezou cun exercicio de mapeo visual colectivo que permitiu situar o punto no que se atopaba cada proxecto, ofrecendo unha visión global do momento que atravesaba a comunidade emprendedora. Esta primeira dinámica serviu para comprender a realidade existente como paso previo para avanzar de maneira conxunta.

Posteriormente, as participantes afondaron nos retos compartidos, identificando desafíos comúns e organizándose en grupos de traballo para analizar solucións concretas e viables. O encontro orientouse así non só ao intercambio de ideas, senón

tamén á construción colectiva de boas prácticas.

A xornada concluíu cun espazo de posta en común no que se puxeron sobre a mesa posibles apoios externos capaces de reforzar os proxectos e abrir novas vías de desenvolvemento.

A sesión foi un proceso dinámico e estruturado baseado en metodoloxías participativas. A proposta combinou dinámicas corporais lixeiras, ferramentas visuais e traballo colaborativo, xerando un clima de confianza, corresponsabilidade e acción. Máis alá dunha sesión de traballo convencional, o encontro converteuse nun espazo para tomar conciencia, fortalecer vínculos e activar o potencial colectivo das participantes.

A Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo (AELU) tamén participou nesta cita, celebrada no marco da Rede de Polos de Emprendemento. No evento estivo presente a integrante da directiva Fe Castro, quen tomou parte nunha xornada centrada en analizar a situación do emprendemento liderado por mulleres, favorecer a conexión entre iniciativas e promover novas dinámicas de colaboración.

## O Concello de Sarria iniciará melloras en diversas pistas rurais

O Concello de Sarria comezará a próxima semana unha serie de actuacións de mellora en pistas rurais do municipio cun investimento superior a 330.000 euros. Os primeiros traballos que se executarán forman parte dun plan de acondicionamento de camiños de acceso a parcelas agrícolas, financiado con fondos de Agader, por un importe de case 120.000 euros. Este plan afectará á pista que une San Andrés con Biville e aos accesos a Miralde e Goimil desde a LU-636.

Ademais, a empresa Jespa, adjudicataria das intervencións incluídas no plan Deputación do ano pasado, dará comezo en breve ás obras, cuxo orzamento ascende a 214.234 euros. Neste caso, o programa de asfaltado cubrirá San Mamede da Chanca, o acceso a As Aceas desde a LU-546, Fontabuín, Padriñán, Vilaesteva, A Pena, a igrexa de



Vilapedre, Castelo de Loureiro, desde O Montés ata Castro dos Petos, de Frollais a Lier e de Calleiros ata a pista de Goián.

A maiores destas actuacións, as brigadas municipais de medio rural intensificaron e adiantaron os labores de parcheado para tentar paliar con alquitrán os estragos provocados polos continuos temporais invernales. A modo de exemplo, indicou que

no que vai de ano xa se investiron máis de 50.000 euros na adquisición e transporte de material de recheo debido a esta situación.

Para este fin tamén se destinará unha parte importante do plan Deputación 2026. Concretamente, prevese un investimento adicional de 300.000 euros para renovar o firme noutra vintena de vías.

## A Tradescola levou a música tradicional á EEI Xela Arias

A Tradescola celebrou dous concertos didácticos na EEI Xela Arias de Sarria, nunha iniciativa orientada a divulgar a música tradicional galega entre o público máis novo.

Durante estas sesións, realizouse un percorrido polos distintos instrumentos propios da tradición musical galega, combinando explicacións didácticas coa interpretación en directo de diferen-

tes pezas do repertorio popular. O obxectivo foi achegar ao alumnado tanto o son como o contexto cultural destas expresións musicais. Os concertos foron impartidos polos mestres da Tradescola Xabier Iglesias, Lucía Eiros e Mónica Fernández, quen guiaron esta actividade educativa a través da música e do coñecemento das súas raíces.

A actividade desenvolveuse nun

ambiente participativo, no que o alumnado puido interactuar cos intérpretes e amosar interese polos instrumentos e polas melodías tradicionais, reforzando así o carácter didáctico da proposta. Esta proposta contou coa colaboración da área de Cultura da Deputación de Lugo e formou parte das accións de difusión e posta en valor da música e do baile tradicional galego.

**FONTANERÍA Y GAS VILAR VALCARCEL**

AEROTERMIA  
SUELO RADIANTE  
BIOMASA  
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

**JOSÉ LUIS VILAR LOSADA**

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

**CARPINTERÍA METÁLICA**

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

**CAMIÑO FRANCÉS**

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)  
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
caminofrances.aluminios@gmail.com

## Sarria lanza un novo mapa interactivo para descubrir a vila

O Concello de Sarria, a través da Concellería de Turismo e da Oficina de Turismo, e en colaboración con Ouvirmos, presentou unha nova ferramenta dixital que permite explorar a vila de forma interactiva.

O mapa conta con 50 puntos de interese, rutas temáticas e itinerarios a pé, poñendo en valor o patrimonio histórico e a riqueza turística do municipio. Entre os itinerarios destaca a Ruta do Románico e o paso do Camiño de Santiago, ofrecendo aos usuarios a posibilidade de coñecer a historia e os recursos culturais de Sarria. O mapa está dispoñible na web oficial de turismo do Concello.

# COMARCA

## Aprobada unha nova ordenanza para as residencias da Deputación

O Pleno da Deputación acordou aprobar a nova ordenanza que regula o acceso, os prezos públicos e o réxime interno de Centros de Atención a Maiores da institución provincial. Unha medida que garante un sistema público máis xusto e adaptado á realidade social e territorial da provincia: reforzando os criterios de acceso, axilizando os trámites administrativos -que pasan a ser xestionados pola propia Deputación e non polos concellos-; e adaptado á capacidade económica dos usuarios e usuarias.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que “este regulamento, único para todas as residencias, é xusto e social, porque protexe a quen máis o precisa. O noso modelo de Centros de Atención a Maiores naceu pensando no rural, na dispersión e no envellecemento. Precisamente por iso, porque é un servizo especialmente sensible, non pode funcionar con regras ou criterios que non se adapten á realidade actual. O que facemos con esta proposta é ordenar, actualizar e fortalecer un servizo público esencial”.

Esta ordenanza inclúe unha serie de variacións no baremo dos criterios de acceso. No relativo á proximidade, increméntase o impacto da regra da prioridade por veciñanza, cun aumento da puntuación para aquelas persoas que vivan no concello no que se atopa o centro, seguido dos concellos limítrofes, da área de influencia e do resto da provincia. Ademais, elimínase o criterio



que distinguía se o concello de procedencia da persoa solicitante contaba ou non cun centro de atención a maiores, xa que todos os centros da rede funcionan actualmente ao máximo da súa capacidade.

Así mesmo, nesta nova ordenanza amplíase o indicador de vinculación coa residencia, posto que, ademais de ter en conta a existencia de familiares por consanguinidade, inclúese tamén a posibilidade de valorar vínculos afectivos familiares, -como matrimonios-, e non só familiares, como, por exemplo, amigos ou veciños dalgún usuario co que desexen compartir centro “porque manter a unidade familiar e afectiva tamén é parte do coidado”.

Pablo Rivera avanzou tamén que “no que afecta á escala social, esta normativa inclúe dous novos criterios de valoración. O primeiro deles é a introdución da soidade non desexada, coa que se pretende favorecer a aquelas persoas que se atopan en situación de illamento: unha

realidade que afecta a súa saúde, a súa autonomía e ao seu benestar”. E o segundo indicador que se vai ter en conta é o entorno da persoa solicitante “puntuando situacións de afastamento reais: parroquias remotas, falta de transporte, carencia de servizos... vivir no rural non pode penalizar, ao contrario, debe ser tido en conta”.

No que ten que ver cos trámites administrativos, o deputado Provincial puxo en valor esta normativa “porque simplifícaos e axilízaos. As persoas interesadas en solicitar unha praza poderán presentar unha única solicitude para ter acceso a todos os Centros de Atención a Maiores, en lugar de formalizar unha por residencia como se facía ata o de agora. Ao respecto desta cuestión, centralízanse os trámites na Deputación de Lugo liberando aos concellos desta cuestión”.

A medida saíu adiante grazas aos votos do PSdeG e o BNG e cos votos en contra do PPdeG.

## Agromuralla advirte sobre a baixada do prezo do leite e pide axuda á Xunta



A asociación de gandeiros e gandeiras Agromuralla advertiu ás granxas de que non cedesen á presión das industrias e non asinasen os contratos que estas presentaban, xa que incluían “baixadas inasumibles no prezo en orixe que poñían en risco a viabilidade das propias granxas”.

A presidenta de Agromuralla, Noelia Rodríguez, recomendou ás explotacións que non asinasen os contratos coas condicións de prezo establecidas e incidiu en que aínda quedaban días para negociar. Subliñou que a maioría dos gandeiros non asinaron e non o ía facer con esas condicións, e reclamou ás industrias que reconsiderasen a súa postura e se sentasen a negociar coa parte produtora.

Do mesmo xeito, a asociación esixiu a intervención tanto da Xunta de Galicia como do Ministerio de Agricultura. Solicitou que se reforzasen as inspeccións para comprobar que o leite non chegaba de fóra a un prezo inferior ao de produción e que o produto transportado nas cisternas coincidise co declarado. Tamén

pediu que se elaborasen e fixesen públicos os datos actualizados dos custos de produción e que se tivese en conta este índice nos contratos, así como os prezos de compra-venta entre industria e distribución para garantir transparencia ao longo de toda a cadea.

Agromuralla advertiu que non toleraría presión, chantaxes ou coaccións por parte das industrias, lembrando que estas podían considerarse actos constitutivos de delito e que, se fose necesario, acudirían aos xulgados. Subliñaron que as granxas estaban amparadas pola lei para que se producise unha negociación real e que as industrias non podían impoñer condicións unilaterais.

A asociación calculou que a baixada do prezo do leite proposta, de até 9 céntimos por litro, sumada ao incremento dos custos de produción, xeraba unha diferenza de ata 15 céntimos por litro respecto ás marxes actuais, facendo que os contratos fosen considerados “ilegais a todos os efectos”.

## A CASA

### cenor



**369€**  
LAVAVAZILLAS CORBERO  
PVP antes: 419€



**269€**  
FRIGO 2 PUERTAS CORBERO  
PVP antes: 299€

Rúa Diego Pazos, 5,  
27600 Sarria, Lugo  
982 53 09 25  
info@electrodomesticosacasa.com



**CASA NEIRAS**  
alimentos tradicionais

info@casasneiras.com  
Tel.: 982 986 084 | 698 163 989

## ESTAMOS DE VOLTA

EN SARRIA	EN LÁNCARA
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Supermercado A Pontevelle</li> <li>• Supermercado Javi (Cruce da Estación)</li> <li>• Alimentación Plaza Galicia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Casa Enriqueta</li> <li><b>NA POBRA DE SAN XIAO</b></li> <li>• Supermercado Cerviño</li> <li>• Comercial Luseiro</li> </ul>

## A cuarta etapa de 'La Vuelta Femenina' percorrerá a provincia



A provincia de Lugo converterase nun dos grandes focos do ciclismo internacional o vindeiro 6 de maio coa celebración da cuarta etapa de La Vuelta Femenina 2026, un percorrido de 115,2 quilómetros entre Monforte de Lemos e Antas de Ulla que se presenta como unha das xornadas máis esixentes da competición, cun final en subida que podería resultar decisivo na clasificación xeral.

A saída terá lugar na Praza da Compañía de Monforte, desde onde o pelotón percorrerá distintas rúas da cidade antes de encamiñarse cara a un trazado que atravesará boa parte do interior lucense, pasando por concellos como Sarria, Láncara, O Páramo, Portomarín, Ventas de Narón, Taboada e Monterroso, ata rematar no Parque Central de Galicia, en Antas de Ulla, considerado o centro xeográfico da comunidade. Máis alá do seu interese deportivo, esta etapa representa unha oportunidade estratéxica para a provincia de Lugo, tanto desde o punto de vista da promoción turística como da dinamización económica. Ademais, a chegada dunha proba destas características supón un importante impacto no tecido

económico local, coa mobilización de equipos, organización, medios de comunicación e afeccionados, que contribúen a dinamizar sectores como a hostalaría, o comercio e os servizos. Neste sentido, o paso da carreira polos diferentes municipios lucenses permitirá tamén poñer en valor o rural e achegar o gran deporte a zonas afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A dimensión deportiva da etapa estará marcada pola presenza de figuras de primeiro nivel do ciclismo feminino internacional, como Pauline Ferrand-Prévo, campioa olímpica e do Tour de Francia, Marianne Vos, Lotte Kopecky ou Marlen Reusser, ademais das españolas Mavi García e Paula Blasi, o que eleva o nivel competitivo e o interese da proba.

A organización prevé repetir o impacto mediático da edición de 2025, na que participaron máis dun cento de xornalistas pertencentes a 66 medios de comunicación, consolidando así La Vuelta Femenina como un escaparate de primeiro nivel para territorios como Lugo, que atopan neste tipo de eventos unha ferramenta clave para a súa proxección exterior e desenvolvemento.

## III Obradoiro de Vento Madeira da Banda de Música da Comarca de Sarria

A Banda de Música da Comarca de Sarria organiza o III Obradoiro da BMCS en Vento Madeira, que se celebrará os días 10, 11 e 12 de abril no CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela, e que culminará cun concerto de clausura o domingo 12 ás 12.30 horas. A actividade, dirixida a nenos e nenas a partir de 7 ou 8 anos, pretende ofrecer unha experiencia máis alá das clases e ensaios habituais, permitindo aos participantes perfeccionar a súa técnica musical e traballar en grupo.

Nesta terceira edición, xunto cos tradicionais clarinetes e saxofóns, incorporáronse tamén frautas, oboes e fagots, ampliando a experiencia a toda a familia de vento madeira. Os contidos do obradoiro inclúen a formación de distintos grupos instrumentais, o desenvolvemento do espírito de grupo, o fomento da colaboración entre alumnado de diferentes idades e o goce da contorna natural de Triacastela. A música de banda, esencialmente colectiva, servirá de eixo para fomentar a escoita activa, a colaboración e o compromiso entre todos os participantes mediante xogos e dinámicas grupais, aproveitando un entorno idóneo para desconectar da rutina e convivir coa natureza.

O obradoiro contará cun destacado profesorado formado por Susana Ratón Varela, de Chantada; Adrián Balboa Valcarce e Tania Balboa Valcarce, de Triacastela; Fátima Durán Ortega, de Cuntis; Manuel Montero López, de Sarria; e Xosé Fernández Arias e Claudia Rico Echegaray, de Lugo.

Para Tania Balboa, que participará por primeira vez neste obradoiro, a experiencia resulta especialmente significativa. "Levo desde que



rematei a carreira en 2013 como profesora de oboe, música e movemento e de linguaxe musical, e participei en campamentos e obradoiros, pero este ten algo especial: está enfocado ao traballo en grupo e a desenvolver durante dous días a sección de vento madeira dunha banda. Traballaremos en grupos de instrumentos cada un coa súa parte e logo xuntarémonos para traballar toda a sección xunta. O obxectivo é que os rapaces e rapazas poñan o foco en tocar xuntos, escoitarse e aprender a facer grupo. Tocar só é diferente; todo músico quere tocar con outros músicos, e a banda de música da comarca será unha forma de verse reflexados", explica.

Balboa subliña que o obradoiro non só busca o progreso musical, senón tamén a convivencia e o descubrimento de novos instrumentos e amizades: "O alumnado que xa toca en bandas vai consolidar o aprendido, e os que non, descubrirán o maravilloso mundo das bandas. Aprenderán a compartir, facer amizades, escoitar aos demais, saber estar nun primeiro plano e tamén nun segundo".

A profesora destaca tamén o valor de celebrar a actividade en Triacastela: "É un valor incalculable poder facelo aquí, no meu colexio, ao lado das familias que coñecemos. É unha oportunidade de ofrecerlles o que aprendín musicalmente e tamén como persoa, para que aprendan a ser compañeiros, a axudar e a escoitar aos demais. Ademais, teremos tempo para rutas pola zona, contacto coa natureza e xogos polas noites. Subir ao colexio e saír nos descansos xa é un privilexio diante da montaña".

O III Obradoiro de Vento Madeira promete ser unha combinación de aprendizaxe, música, diversión e convivencia, consolidándose como unha cita imprescindible para calquera rapaza ou rapaz que queira medrar como músico ou como persoa.

**OBRADOIRO DE DIRECCIÓN.** A Banda de Música da Comarca de Sarria organizou recentemente outro obradoiro, pero Dirección de Banda, que se desenvolveu durante a fin de semana do 31 de xaneiro e 1 de febreiro nas instalacións do CEIP Plurilingüe do Páramo, cunha proposta formativa centrada na mellora técnica dos directores e no reforzo da relación comunicativa entre quen dirixe e quen interpreta. O curso estruturouse en dúas xornadas cun obxectivo dobre, orientado a perfeccionar a preparación de directores profesionais e a traballar a interacción directa cos músicos como elemento clave para o bo funcionamento dunha banda. As sesións alternaron contidos teóricos dirixidos aos directores e impartidos por David Fiuza con períodos prácticos nos que a banda serviu como espazo real para poñer en práctica os coñecementos adquiridos. Nestas prácticas tamén se ofreceu a posibilidade de que algúns músicos collesen a batuta por primeira vez, como unha iniciación ás artes da dirección, favorecendo así unha visión máis ampla e compartida do proceso musical.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:  
Multimedallista nacional  
Bicampeón de España absoluto  
Bronce Europeo 2019  
Campeón de Europa por equipos en 2021  
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de  
**TAEKWONDO**  
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA  
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA  
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC\_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

**LIMPIEZA DE:**

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

**LIMPIEZAS ISABEL**

674 467 444  
641 171 951

**PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**

isabelimpiezas@gmail.com

## Sarria<30 levará formación e cultura aos concellos da comarca

O proxecto Sarria<30 organiza diversas actividades nos sete concellos da comarca de Sarria. O primeiro laboratorio celebrárase no Concello do Incio o 2 de maio entre as 10.30 horas e as 14.00 horas e estará centrado na xestión de eventos musicais. Os días 2 e 9 de maio impartirase un laboratorio de teatro en Sarria entre as 10.30 horas e as 14.00 horas. A actividade estará dirixida polo dramaturgo e profesor da Escola Superior de Arte Dramático Ernesto Is e contará coa colaboración de colectivos locais.

O 9 de maio, Samos acollerá un laboratorio dedicado ao patrimonio inmaterial centrado no baile tradicional. A *masterclass* para grupos de danza da comarca será impartida por Chus Caramés, especialista en didáctica do baile, e por Ruth Pérez, integrante do grupo Cántigas e Flores. Paradelá será escenario o 16 de maio dun laboratorio de literatura, rutas e certames impartido por Manuel Bragado, editor e ex director de Edicións Xerais de Galicia. A proposta combinará reflexión teórica e análise práctica co obxectivo de poñer en valor o potencial do sector literario e o papel dinamizador da cultura escrita na identidade da comarca.

Ese mesmo día, o concello do Páramo acollerá un laboratorio centrado no canto tradicional, concibido como un espazo de aprendizaxe e transmisión oral guiado polo músico Davide Salvado.

O 23 de maio desenvolveranse dous novos laboratorios. En Lánchara celebrárase unha sesión dedicada á danza contemporánea dirixida pola coreógrafa Rut Balbís, que explorará os procesos creativos en diálogo coa natureza e co patrimonio paisaxístico do municipio. Pola súa banda, Triacastela acollerá un laboratorio



sobre cultura e turismo conducido por Manuel Gago, centrado na relación entre o tecido empresarial e o potencial do Camiño de Santiago.

A programación culminará o 30 de maio cun evento central que terá lugar na Praza de Abastos de Sarria. A xornada converterá este espazo simbólico do centro da vila nun escenario aberto e participativo no que a mocidade será a protagonista, compartindo historias, presentando proxectos culturais e empresariais, expoñendo procesos creativos e contribuíndo á construción dunha identidade cultural colectiva. A proposta combinará entrevistas colectivas, mesas de debate, exposicións e actividades participativas. A programación será multidisciplinar e abranguerá ámbitos como a cultura, a música, a arte, o deseño, a moda, o emprendemento, a tecnoloxía, a innovación social e a comunicación. Na xornada participarán persoas e colectivos dos sete concellos da comarca, reforzando a conexión entre o territorio e a diáspora.

A programación comezará ás 11.00 horas cunha mesa dedicada ao emprendemento e á formación, orga-

nizada polo Polo de Emprendemento de Sarria da Xunta de Galicia, que abrirá o encontro cun espazo de diálogo sobre as ferramentas económicas e formativas dispoñibles para impulsar proxectos na comarca. Ás 12.30 horas celebrárase unha mesa sobre patrimonio inmaterial centrada nas festas e tradicións locais como expresión da identidade comunitaria, moderada polo investigador e divulgador Rafael Quintía. Ás 13.30 horas terá lugar unha mesa gastronómica pop-up dedicada á posta en valor dos produtos locais e da tradición culinaria da zona. Pola tarde, ás 17.00 horas, celebrárase unha mesa sobre eventos musicais na que se presentarán diferentes organizacións de festivais e o seu papel na dinamización cultural da comarca. Ás 18.30 horas desenvolverase unha mesa de emprendemento <30 que reunirá experiencias de éxito en distintos ámbitos profesionais. A xornada pecharase ás 20.00 horas cunha sesión electrónica denominada OFF Sarria<30, nun ambiente festivo pensado como celebración colectiva do proxecto.

## Piden reformular o Anteproxecto de Lei de Administración Local

A Deputación de Lugo aprobou unha proposta de Goberno en defensa da autonomía e do financiamento dos concellos e das deputacións galegas fronte ao Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia (ALALG). A iniciativa saíu adiante cos votos a favor de PSdeG e BNG e contou cos votos en contra do PPdeG.

A presidenta da Deputación, Carmela López, afirmou que si que se podían asumir máis competencias, pero que estas tiñan que vir acompañadas de financiamento, incidindo en que o texto do anteproxecto non acompañaba as novas obrigas de partidas orzamentarias.

O deputado Pablo Rivera Capón pediu que o documento se retirase ou se reformulase antes da súa tramitación parlamentaria, así como recoñeceu que a actualización dunha lei vixente desde 1997 era necesaria, pero advertiu de que non podía facerse a costa de debilitar a autonomía local nin de trasladar novas obrigas ás entidades locais sen os recursos. Asegurou que, tal e como estaba formulado, o anteproxecto non fortalecía o municipalismo, senón que tutelaba, recentralizaba e trasladaba responsabilidades sen garantir financiamento.

O Goberno provincial puxo tamén énfase nas deficiencias do proceso de elaboración da norma. Segundo expuxo o deputado, o texto "naceu mal tramitado" ao non contar coa participación efectiva de concellos e deputacións, e ao non cumprir coa consulta pública previa establecida no artigo 133.1 da Lei 39/2015. A isto sumouse a ausencia de memorias económicas, un elemento

considerado imprescindible para avaliar o impacto real da lei. Rivera Capón subliñou que era fundamental saber canto custaba o que se anunciaba e quen ía asumir a factura, advertindo de que a asignación de competencias sen financiamento suficiente convertía a autonomía local en "papel mollado".

Outro dos eixos centrais das alegacións da Deputación tiña que ver coa defensa do modelo territorial galego. A institución mostrou preocupación por un texto que eliminaba referencias a figuras propias como parroquias e comarcas, ao tempo que introducía un marco competencial pouco definido. Rivera Capón advertiu de que esta indefinición podía ter consecuencias especialmente negativas para os concellos máis pequenos, ao abrir a porta a delegacións que limitasen a súa capacidade real de decisión e xestión, e alertou de posibles procesos de reorganización territorial sen garantías democráticas suficientes.

A Deputación reclamou tamén o respecto á Carta Europea de Autonomía Local e insistiu en que calquera proceso de fusión municipal debería contar coa participación activa da cidadanía.

Por outro lado, Rivera Capón, en relación co Fondo de Cooperación Local, denunciou que a súa suposta natureza "incondicionada" quedaba en cuestión coa creación de subfondos que condicionaban o acceso aos recursos. Asegurou que isto reducían a marxe real de decisión das entidades locais e dificultaba a planificación, ao depender cada ano dos orzamentos.



# INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

200

ANOS



## o páramo

## Xunta e Concello analizan como mellorar infraestruturas e servizos



O alcalde do Páramo, José Luis López, mantivo unha reunión co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, para abordar as principais necesidades do municipio nos ámbitos que dependen da Administración autonómica e avanzar en posibles vías de colaboración institucional.

Ambas partes analizaron cuestións relacionadas coa mellora das infraestruturas locais, así como co reforzo dos servizos públicos, incidindo na importancia de coordinar esforzos entre administracións para dar resposta ás demandas da veciñanza e favorecer o desenvolvemento do municipio.

Entre as actuacións recentes, Arias lembrou a concesión dunha axuda de 34.100 euros destinada ao acondicionamento dos accesos ao núcleo de San Mamede da Ribeira. Esta intervención enmárcase na orde de subvencións impulsada o pasado ano pola Xunta para a mellora de infraestruturas públicas de carácter local, unha liña que busca facilitar actuacións en concellos do rural.

Neste contexto, o delegado territorial destacou que se publicou no Diario Oficial de Galicia unha nova convocatoria desta orde de axudas, promovida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que contará cun orzamento de 3,5 millóns de euros.

Arias subliñou o compromiso do Goberno galego cos municipios, facendo fincapé en que “a Xunta está sempre ao carón dos concellos, ben mediante actuacións directas ou a través de programas de axudas”, ao tempo que destacou que a cooperación entre a Administración autonómica e as entidades locais resulta clave para impulsar o desenvolvemento económico e social do territorio.

Pola súa banda, o rexedor do Páramo trasladou as principais demandas do municipio e valorou positivamente a continuidade destas liñas de apoio, que permiten acometer melloras en infraestruturas e servizos básicos, contribuíndo a fixar poboación e a mellorar a calidade de vida no rural.

## A XXVII Feira Degustación da Tenreira Galega volve con forza

O Concello de Lánca organiza os días 30 de abril e 1 de maio a XXVII Feira Degustación da Tenreira Galega na Pobra de San Xiao, un evento declarado de Interese Turístico de Galicia que ofrecerá dúas xornadas repletas de propostas para todos os públicos. A cita combinará tradición, gastronomía e cultura nun programa completo que dará comezo coa XVII Festa dos Avós e rematará coa feira de exposición de gando vacún.

A programación iníciase o 30 de abril coa celebración da XVII Festa dos Avós. Ás 12.30 horas terá lugar a recepción oficial por parte da corporación municipal na carpa situada no Campo da Feira da Pobra de San Xiao. Ás 13.00 horas desenvolverase a actuación musical do Dúo Dilema, seguida ás 13.15 horas pola intervención das autoridades. Ás 13.45 horas celebrarase o xantar na carpa, mentres que ás 16.30 horas o Dúo Dilema volverá subir ao escenario para pechar a xornada.

O 1 de maio estará dedicado á XXVII Feira da Tenreira Galega. A apertura oficial producirase ás 10.00 horas, coincidindo cunha exhibición das escolas deportivas no pavillón municipal. Ás 12.00 horas terá lugar a recepción das autoridades no recinto feiral e, ás 12.15 horas, abriranse os postos con degustación gratuita de queixos artesanais, sidra ecolóxica e empanada de tenreira galega.

Ás 12.30 horas celebrarase a poxa de varias xovencas e, ás 12.45 horas, realizarase un percorrido polo recinto feiral con visita ás instalacións do gando. Nese mesmo momento actuará o grupo de música tradicional Val de Lánca. Ás 13.15 horas terá lugar o pregón, que correrá a car-



go de José M<sup>a</sup> Álvarez Vilabril. A xornada continuará ás 13.30 horas coa sesión vermú amenizada por Punto Clave, seguida ás 14.00 horas do xantar baseado en carne de Tenreira Galega Suprema. Pola tarde, ás 16.30 horas desenvolverase unha exhibición de cetrería e, ás 17.30 horas, unha exhibición ecuestre. Ás 18.30 horas procederase á entrega de premios do concurso de gando vacún e ao sorteo dunha becerra. Finalmente, ás 19.30 horas, Punto Clave encargarse de poñer o peche á feira cunha nova actuación musical.

**EXPOSICIÓN DE VACÚN 2025.** No que respecta á exposición de vacún, na edición de 2025 a Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega participou cunha mostra que reuniu ata 75 exemplares da raza, pertencentes a algunhas das explotacións máis recoñecidas da provincia. Ademais, por segundo ano consecutivo, Acruga levou a cabo unha poxa de xatas preñadas procedentes da granxa Gayoso Castro, na que os tres animais acadaron un prezo de 2.700 euros, superando en 400 euros o valor de saída.

En canto ao concurso, tamén participaron 75 exemplares de destacadas ganderías da provincia, que competiron nas distintas categorías. Sobresaiu a explotación de José Antonio Ferreiro Palacios, do Corgo, que conseguiu tres primeiros premios en tres das seis categorías: crías de 0 a 10 meses, xatas de 11 a 24 meses e vacas maiores de dous anos. Pola súa parte, a gandería Da Morena, de Friol, logrou o primeiro posto nas outras tres categorías: xatos de 11 a 24 meses, sementais de máis de dous anos e mellor lote.

Os segundos postos nestas categorías foron para a gandería de Manuel López Quiroga, de Samos, que tamén acadou dous terceiros premios. Pola súa banda, a gandería Santalla, do Corgo, obtivo un total de catro galardóns, mentres que a explotación de Javier Santalla Prado conseguiu o segundo posto na categoría de xatas de 11 a 24 meses.

En total, no concurso participaron arredor de 75 exemplares, entre crías, xatas, xatos, vacas paridas e sementais de cinco ganderías dos concellos do Corgo, Samos e Friol.

### SONDEOS CORDERO

Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 anos de experiencia traballando na comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720  
Triacastela Lugo



Rúa Da Liberdade, 126, 27600 Sarria

### CERVECERÍA PUB

El mejor ambiente todos los días hasta las 3 de la mañana

### TAPAS CASERAS

y elaboradas de 19:30 a 23:00 h

### LA MEJOR SESIÓN VERMÚ

sábados y domingos desde las 13:00 h

Disponemos de servicio de retransmisión de fútbol con los mejores partidos de Liga y Champions así como del resto de eventos deportivos

## Láncara acollerá unha charla aberta para falar sobre párkinson

O concello de Láncara acollerá unha actividade informativa centrada na enfermidade de Parkinson baixo o título "Conversemos sobre o párkinson", unha iniciativa promovida pola ASPALU Asociación de Parkinson de Lugo que busca achegar información rigorosa e crear un espazo de diálogo arredor desta patoloxía neurodegenerativa.

O encontro desenvolverase o luns 27 de abril ás 17:30 horas na Biblioteca Municipal de Láncara e preséntase como unha xornada aberta á veciñanza na que se tratarán cuestións relacionadas coa enfermidade, a súa evolución e o impacto que ten tanto nas persoas diagnosticadas como no seu entorno máis próximo. A actividade pretende ofrecer unha visión próxima da realidade diaria de quen convive co párkinson, ao tempo que facilita ferramentas útiles para mellorar a calidade de vida.

Esta proposta cobra especial relevancia nun contexto como o do municipio de Láncara e doutros concellos do rural lucense, onde o envellecemento da poboación é unha realidade evidente. O párkinson é



unha enfermidade que afecta principalmente ás persoas maiores, un colectivo que representa unha porcentaxe significativa da poboación local, polo que iniciativas deste tipo adquiren unha dimensión social destacada ao contribuír á información, á detección temperá e ao acompañamento das persoas afectadas.

Neste sentido, a actividade non só ten un carácter divulgativo, senón tamén preventivo e comunitario, ao fomentar a sensibilización social e reducir o descoñecemento que aínda existe arredor desta doenza.

Ademais, promove a creación de redes de apoio e o intercambio de experiencias, clave para afrontar unha enfermidade crónica que require atención continuada. A iniciativa forma parte das accións de sensibilización que desenvolve ASPALU Asociación de Parkinson de Lugo co obxectivo de dar a coñecer mellor esta enfermidade e reforzar o apoio social ás persoas diagnosticadas.

A actividade conta coa colaboración do Concello de Láncara e co apoio institucional da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia.

## O Goberno local impulsa a recuperación das fontes e lavadoiros tradicionais

O Goberno local de Láncara emprenderá a restauración das súas fontes e lavadoiros tradicionais mediante un proxecto que conta cun orzamento de 22.429 euros e co que se busca preservar estas construcións populares. O prazo para a presentación de ofertas permanecerá aberto ata o 13 de abril. A administración local elaborou un inventario das fontes e lavadoiros situados no municipio, moitos dos cales presentan un estado de conservación deficiente, con problemas como o desperdicio de auga ou a contaminación.

O obxectivo principal deste proxecto é recuperar e mellorar fontes en diversos núcleos, garantir a salubridade da auga e poñer en valor o patrimonio popular que representan estas infraestruturas, facilitando a súa integración paisaxística e potenciando o seu atractivo turístico. Para preservar a tradición, os traballos respectarán sempre que sexa posible os materiais e as técnicas construtivas históricas empregadas na súa orixe.

As primeiras actuacións desenvolveranse nos núcleos de Piñeiroá e Castrodelo, na parroquia de Cedrón, contando para iso cunha axuda do Grupo de Desenvolvemento Rural

(GDR) Montes e Vales Orientais. No lavadoiro de Piñeiroá executárase unha integración paisaxística do espazo dentro do núcleo rural empregando materiais locais. Entre as actuacións principais destacan a limpeza do entorno, revestimento

de muros con taco de pedra caliza natural e morteiro de cor nas zonas de fábrica en bloque, substitución da cuberta de fibrocemento por outra de lousa, canalización da auga, reparación do abrevadoiro e instalación dunha reixa e dun punto de luz.

**ATENCIÓN FAMILIAR**  
SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA. CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE  
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

**HORARIOS**  
DE LUNS A SÁBADO  
Horario continuo  
de 9:00 a 21:00 h.  
DOMINGOS E FESTIVOS  
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA  
www.facendafarruquino.gal

## O pavillón da Pobra de San Xiao será renovado



O pavillón polideportivo da Pobra de San Xiao será obxecto dunha intervención de mellora tras a adxudicación dun proxecto cun orzamento total de 145.336 euros. A maior parte do financiamento procederá da Deputación Provincial de Lugo, que asumirá o 95 % do investimento, mentres que o Concello achegará a contía restante.

As obras contarán cun prazo de execución estimado de tres meses. Con todo, segundo establecen os pregos de licitación, os traballos deberán desenvolverse durante o período non lectivo, polo que a súa realización está prevista para os meses de verán.

Estas instalacións deportivas, que levan arredor de tres décadas en funcionamento, son utilizadas habitualmente polo alumnado do colexio da localidade, polo equipo municipal de fútbol sala e tamén para a celebración doutras actividades deportivas e sociais.

Entre as intervencións previstas destaca a reparación da cuberta

do edificio e a instalación dun novo sistema de iluminación. A actuación pretende resolver os problemas actuais de filtracións e humidades, así como o deterioro que presenta o tellado. A cuberta actual, formada por chapa metálica, presenta signos de oxidación que están a provocar a entrada de auga no interior do inmovible.

Para solucionar esta situación, substituirase o tellado por paneis tipo sándwich. Ademais, procederase á impermeabilización dos canos e á revisión das baixantes e dos cóbados, substituíndo aquelas pezas que se atopan danadas.

O proxecto inclúe tamén a renovación completa da iluminación do pavillón, xa que as luminarias actuais, compostas por tubos fluorescentes e proxectores de haloxenuros metálicos, non se axustan aos estándares actuais de eficiencia enerxética. En total instalaranse 57 novas luminarias distribuídas entre a pista deportiva, os corredores, os vestiarios e outros espazos do recinto.

**maderas grandas**

MADERAS Y DERIVADOS  
PUERTAS  
ARMARIOS  
COCINAS Y COMPLEMENTOS  
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)  
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731  
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

## O mercado gandeiro acollerá o campionato de tute da SD Paradela



A SD Paradela prepara para o vindeiro 17 de abril un campionato de tute que se celebrará no mercado gandeiro de Paradela, nunha iniciativa destinada a fomentar a participación veciñal e o lecer activo, así como a dinamización da vida social do municipio. O evento dará comezo ás 21:00 horas e disputarase por parellas, cun prezo de inscrición de 20 euros por equipo.

A organización dispuxo varios premios para os mellores clasificados, destacando un cabrito con trofeo para o primeiro posto e un cordeiro con trofeo para o segundo. Ademais, haberá premios adicionais, como botellas de whisky e viño, para os seguintes clasificados, facendo da competición un atractivo tanto para xogadores habituais como para afeccionados interesados en probar as súas habilidades.

tute é un xogo de cartas tradicional que combina azar, estratexia e memoria, e a súa práctica fomenta a concentración e a cooperación entre parellas.

Dende a SD Paradela salientan que, máis aló do aspecto competitivo, o campionato ofrece unha oportunidade para que xogadores de diferentes idades

compartan coñecementos sobre tácticas, valoración de cartas e planificación de xogadas. Moitos participantes aproveitan estas citas para mellorar a súa formación, estudar as regras e perfeccionar as estratexias que lles permitan rendir mellor nas partidas. Ademais da competición, o campionato inclúe servizo de polbería e churrasco, convertendo a cita nun encontro gastronómico e social, no que os participantes e asistentes poden intercambiar experiencias e desfrutar dunha noite de convivencia. Segundo explican os organizadores, estas actividades contribúen non só á promoción do tute como patrimonio cultural e lúdico galego, senón tamén a reforzar os lazos comunitarios e incentivar a participación interxeracional.

O tute conta cunha longa tradición na comarca e Galicia en xeral, sendo considerado un dos xogos de cartas máis populares entre veciños de todas as idades. A súa práctica combina habilidade, memoria e capacidade de predicir as xogadas do rival, aspectos que se poden mellorar coa formación e a experiencia acumulada en torneos como o que organiza a SD Paradela.

## Sonia Arias presentou o seu libro 'Antes pasábase por aquí'

Sonia Arias López presentou o seu libro 'Antes pasábase por aquí' nun acto celebrado no Centro Sociocultural Manuel Orestes Rodríguez López, acompañada pola alcaldesa, Montse Mulet Sar, e polo tamén escritor José Carlos Ulloa. A cita reuniu a veciñanza arredor dunha proposta literaria profundamente ligada á memoria e á identidade do rural galego.

Durante o encontro, a autora compartiu co público a orixe e o significado dunha obra que nace dunha lembranza persoal, inspirada na frase que o seu pai lle repetía cando camiñaban polo monte: 'Antes pasábase por aquí'. A partir desa expresión, construíu un relato poético que reflexiona sobre o paso do tempo, o abandono do rural e a perda de costumes e identidade.

Arias destacou que "na miña terra é onde máis se intensifica ese 'antes pasábase por aquí'", incidindo no carácter emocional da obra e na súa conexión co territorio. Segundo ex-



plicou, o libro acadou unha resposta inmediata entre os lectores, que compartiron lembranzas e emocións tras a lectura dos versos: "Todas as mensaxes xiraron arredor das lembranzas e das emocións que sentiron durante esa viaxe no tempo".

A autora amosouse emocionada pola acollida, recoñecendo que "era unha meta traer aquelas lembranzas e que non perdesen a esencia

despois de tanto tempo". Nesa liña, subliñou que a obra non naceu coa intención de reivindicar a lingua de maneira directa, senón de poñer o foco nas persoas e no seu vínculo co entorno: "Temos un libro que non se escribiu pensando en salvar un idioma, senón en facer referencia continua á persoa, aos lugares e á memoria. Aínda que todo é un conxunto, gústame especificar".

## O Concello mellorou camiños na Penarredonda e Acevedo

O Concello de Paradela vén de executar novas actuacións de mellora en camiños municipais nas zonas da Penarredonda e Acevedo, co obxectivo de reforzar a rede viaria local e garantir unhas mellores condicións de acceso para a veciñanza.

Os traballos, que supuxeron un investimento de 69.039 euros, están incluídos no Plan Camiña Rural 2025-2026 impulsado pola Xunta de Galicia, unha iniciativa destinada á conservación e mellora das infraestruturas viarias no ámbito rural, cunha especial atención á seguridade e á funcionalidade das vías. As obras realizadas incluíron o acondi-



cionamiento da superficie, a nivelación e o reforzo do firme, así como a limpeza de desaugadoiros e bordos, co fin de ga-

rantir unha correcta evacuación das augas pluviais e prolongar a durabilidade dos camiños. Ademais, realizáronse pequenas melloras estruturais para facilitar o tránsito de vehículos agrícolas e veciñais, fundamentais para o desenvolvemento económico e social destas zonas rurais.

Desde o goberno local destacan que estas intervencións permiten avanzar no acondicionamento das vías municipais, facilitando a mobilidade diaria da poboación, reducindo riscos de accidentes e contribuíndo a mellorar os accesos ás distintas zonas do concello, especialmente en núcleos dispersos e áreas con maior dificultade de tránsito.

**OFISA**  
ASESORIA  
Fiscal - Contable - Laboral  
Teléfono: 982 53 36 50 - www.ofisa-asesoria.es

**Vazquez Autos**  
pelayo  
Agente Exclusivo  
Rúa Matias López, 126  
27600 - SARRIA (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 530 707  
Móvil: 669 199 533  
vazquezautos@hotmail.com

## Samos celebrará os III Cantos de Taberna con música en directo

Samos volverá encherse de música e ambiente festivo o vindeiro 11 de abril coa celebración da terceira edición dos Cantos de Taberna, unha iniciativa impulsada pola Asociación de Comerciantes e Artesáns que continúa consolidándose como unha das citas máis animadas do calendario local.

Nesta ocasión serán sete os grupos participantes, procedentes de distintos puntos da provincia, que levarán a súa música polos establecementos hostaleiros do municipio. Entre eles estarán Son de Outeiro, de Outeiro de Rei; Os Corenta e Chinco, da Pobra do Brollón; Toxo Queimado, de Baleira; Cakiodoasma, de Chantada; e os grupos lucenses Foliada do Queixadoiro, The Carra-Cas e Os Sureños.

A actividade dará comezo arredor das 19:00 horas coa concentración das formacións na praza Vergara Vilariño, desde onde



partirán para iniciar un percorrido musical por oito locais do municipio: o hotel Casa dos Gardas, o restaurante Albaroque, o mesón A Pontenova, o bar Abadía, Tras Convento, A Cantina de Renche, Casa de Aira Padrón e o hotel A Veiga Samos.

Durante varias horas, os grupos irán animando estes espazos con cantos tradicionais e música popular, creando un ambiente

participativo que convida á veciñanza e aos visitantes a sumarse á festa e a seguir o percorrido.

A xornada rematará no campo da feira, onde a partir das 22:30 horas os músicos compartirán uns pinchos nun encontro final que tamén contará con actuación musical, poñendo así o broche a unha noite pensada para gozar da cultura tradicional e da convivencia.

## A Biblioteca acolle 'Miradas, mulleres na arte' de Elsa Martínez



A Antiga Biblioteca de Samos acolle a exposición 'Miradas, mulleres na arte' da artista Elsa Martínez, aberta de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00 horas ata o 29 de abril.

A mostra busca homenaxear ás mulleres que se destacaron no mundo da arte, así como a aquelas que permaneceron no anonimato. Reúne 41 retratos de artistas de distintas disciplinas: pintoras, escultoras, escri-

toras e actrices, etc. desde o século XVI ata o XX, empregando diversas técnicas como acrílico, collage, lapis, acuarela e incluso plastilina utilizada de forma pictórica.

Entre as protagonistas desta exposición destacan M.<sup>a</sup> Louise Élisabeth Vigée Le Brun, Sofonisba Anguissola, Camille Claudel, Daphne du Maurier, Leonora Carrington, Gerda Wegener, Frida Kahlo, Pier Angeli, Virginia Woolf e Maruja Mallo.

## O Concello abre o prazo para contratar unha persoa auxiliar de axuda no fogar

O Concello de Samos vén de activar un novo proceso selectivo co obxectivo de reforzar o Servizo de Axuda no Fogar. A convocatoria, aprobada mediante decreto da Alcaldía o pasado 25 de marzo, contempla a contratación dunha persoa como auxiliar en réxime laboral temporal durante un período de seis meses e a xornada completa. Esta iniciativa responde á necesidade de facer fronte ao incremento puntual de tarefas derivado das vacacións do persoal actualmente en plantilla. Deste xeito, o goberno local busca garantir a continuidade e a calidade dun servizo esencial para moitas persoas usuarias do municipio.

O sistema de selección será mediante concurso-oposición, un procedemento que combina a valoración de méritos coa realización de probas, co fin de escoller a candidatura máis axeitada para o posto. A persoa seleccionada deberá contar con dispoñibilidade horaria para adaptarse ás necesidades propias do servizo.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto entre o 30 de marzo e o 7 de abril, establecéndose en cinco días hábiles



a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As persoas interesadas poderán consultar as bases a través da sede electrónica do Concello.

## Mellorada a contorna da piscina municipal

O Goberno local de Samos completou recentemente unha serie de traballos de mellora na contorna da piscina municipal co obxectivo de ofrecer un espazo máis cómodo e seguro para os veciños.

Entre as actuacións realizadas destacan os arranxos na piscina, a renovación do céspede, a colocación de rellas e o coidado das plantas existentes.

Ademais, os labores incluíron o mantemento e a instalación de novo mobiliario urbano, creando zonas máis accesibles e agra-

dables para o uso público. Estes cambios buscan facilitar a permanencia e o desfrute das instalacións durante todo o ano.

Como medida adicional de seguridade, instalouse un enreixado que separa a piscina da pista deportiva, garantindo un uso máis organizado das distintas áreas e protexendo aos usuarios, especialmente aos máis pequenos.

Con estas intervencións, o Concello aposta por espazos públicos mellorados e máis funcionais para a veciñanza.

**MESÓN ATENEEO**  
PARRILLA - COCIDOS POR ENCARGA - MENÚ DEL DÍA

RESTAURANTE

Ctra. General - Oural (Sarría)  
Tel.: 982 546 767  
982 546 768

LOMA SARRIA s.l.  
NÁN viviendas

Rúa do Peregrino 37, Bajo - Sarría (Lugo)  
615 40 23 93 - 653 990 040  
info@lomasarría.com

Proyectos que transforman Sarría

## Máis de 300 persoas participaron no II Cocido Gourmet Porco Celta



A segunda edición do Cocido Gourmet Porco Celta do Incio foi todo un éxito de participación ao congregarse a máis de 300 persoas no Hotel Hermida Rural, situado na localidade de Eirexalba. A iniciativa naceu coa intención de reivindicar esta raza autóctona e reforzar a presenza do evento dentro do calendario gastronómico galego, un obxectivo que, segundo os organizadores, continúa a avanzar coa consolidación desta cita.

A cantante Lucía Pérez, natural do municipio, foi a encargada de exercer como pregoeira desta edición, mentres que o humorista David Amor participou como embaixador. Durante o seu discurso, a artista destacou o significado do porco celta como "un símbolo de identidade, de resistencia e de futuro". Na súa intervención subliñou tamén que apostar pola recuperación e promoción desta raza supón contribuír a manter viva a terra, a cultura e a economía local. Ademais, dedicou lembranzas a figuras como Ánxel Fole e Marica Campo e puxo en valor o papel das mulleres na cociña tradicional, ás que cualificou como protagonistas silenciosas. Lucía Pérez incidiu en que o Cocido Gourmet representa a unión en-

tre tradición e innovación. Pola súa parte, o alcalde do Incio, Héctor Corujo, salientou que esta segunda edición "permite dar continuidade a un proxecto que xurdiu co propósito de fortalecer a identidade gastronómica do municipio e apoiar o sector vinculado ao Porco Celta". Segundo explicou, a intención do Concello é que o evento continúe medrando nas vindeiras edicións, gañe proxección e chegue a consolidarse como unha referencia dentro das citas gastronómicas da provincia de Lugo e de toda Galicia. Tamén, o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, destacou o valor destas iniciativas gastronómicas como ferramenta para promocionar os produtos agroalimentarios galegos e impulsar o consumo de proximidade e de quilómetro cero. Neste sentido, Alemparte sinalou que encontros como o Cocido Gourmet Porco Celta contribúen a poñer en valor a produción do territorio e, ao mesmo tempo, funcionan como espazos de convivencia social que favorecen a dinamización económica e turística das zonas rurais.

## Mellorarán os accesos ao encoro de Vilasouto con 1,7 millóns

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) e o Concello do Incio formalizaron un convenio de colaboración que permitirá acometer a mellora das estradas de servizo do encoro de Vilasouto, unhas vías que, co paso do tempo, pasaron a desempeñar funcións clave para a mobilidade local. O acordo establece as condicións para o financiamento, execución das obras e posterior cesión das vías ao Concello mediante mutación demanial.

Segundo explicou Quiroga, estas vías deixaron de cumprir exclusivamente a súa función inicial vinculada ao encoro para converterse en accesos habituais ás áreas recreativas e en rutas principais cara a diferentes núcleos de poboación próximos. Esta nova realidade fixo necesario adaptar a súa titularidade e uso, pasando a considerarse estradas locais.

As actuacións previstas abranguen un tramo de aproximadamente 6,5 quilómetros e inclúen a reparación de fochancas e zonas deterioradas, así como



a aplicación dun novo firme de aglomerado en quente. Ademais, melloraranse as marxes, cunetas e bermas, e instalárase nova sinalización horizontal, elementos de seguridade e reductores de velocidade.

O investimento ascende a 1.768.000 euros, que serán financiados integramente pola CHMS. Unha vez finalizadas as obras, as vías serán entregadas ao Concello do Incio, que asumirá a súa conservación e mantemento.

Desde a Confederación subli-

ñaron o seu compromiso coa colaboración institucional en proxectos que contribúan á mellora das infraestruturas e da calidade de vida da cidadanía, sempre desde o respecto polo medio ambiente. Ademais, como actuación previa, está previsto que na semana do 6 de abril se inicien traballos de mantemento no tramo máis deteriorado destas vías, consistentes en labores de mellora das fochancas que servirán como paso previo á execución das obras incluídas no convenio.

## O Festival Terra Brava anuncia a banda chilena Calle Mambo

O Festival Terra Brava do Incio continúa desvelando novos nomes para a súa próxima edición, que se celebrará o 15 de agosto de 2026, coa incorporación da banda chilena Calle Mambo ao seu cartel.

Trátase da terceira confirmación tras os anuncios previos da Charanga Bicoia e da formación valenciana La Trocamba, consolidando así unha proposta musical variada

e con proxección internacional.

Calle Mambo conta con máis de 13 anos de traxectoria e unha ampla presenza en festivais de diferentes países, destacando por un estilo propio no que combinan instrumentos tradicionais latinoamericanos con ritmos contemporáneos.

A súa posta en escena caracterízase pola enerxía e a conexión co público, convertendo os seus con-

certos en experiencias dinámicas e festivas.

Dende a organización avanza que o cartel continuará medrando nas vindeiras semanas, coa incorporación de novos nomes entre os que destacan dúas propostas que contarán con algunhas das mellores voces femininas de Galicia, nun adianto que invita a seguir pendentes das próximas novidades do festival.

O ano pasado, o festival foi na carballeira situada xunto ao campo de fútbol e o cartel estivo formado por Lamatumbá, Sacha na horta, Mekanica Rolling Band e DJ Um Sincero, así como dos portugueses Kumpania Algazarra. Ademais, antes das actuacións principais, houbo unha sesión vermú amenizada polo grupo Xermolos e unha comida popular, ademais da intervención da Escola de Música do Incio; así como pola tarde tivo lugar un espectáculo infantil a cargo de Brais das Hortas.

**PINTOR**

**PINTURAS - BARNICES**  
**PERSIANAS**  
**PAPEL PINTADO**  
**TARIMA FLOTANTE**  
**659 767 936**

**HOGAR**  
**CORTINAS - STORES**  
**RIELES**  
**ALFOMBRAS**  
**EDREDONES**

**C/ Benigno Quiroga,**  
**93-95, bj - 982 533 497**  
**SARRIA (Lugo)**

**PINTURAS HOGAR**  
**LATAS**  
**tel.: 659 76 79 36**

**sarriagestión**  
**asesoría**

fiscal - contable - laboral - seguros

## Sara Ruiz continúa coa súa investigación sobre a rata toupa

Sara Ruiz, investigadora de Triacastela, leva anos estudando o comportamento da praga da rata toupa, que provoca perdas de económicas a gandeiros e agricultores da montaña. Así, o seu estudo Late prenatal development of the olfactory and vomeronasal systems in a wild rodent: The fossorial water vole, vén de ser publicado na revista científica internacional Tissue & Cell, considerada unha das máis relevantes a nivel mundial no ámbito da anatomía.

A investigación afonda no desenvolvemento embrionario dos sistemas olfativo e vomeronasal da rata toupa, fundamental para que o animal poida interpretar sinais químicas como feromonas ou cairomonas. Os resultados evidencian que esta especie presenta unha maduración prenatal acelerada destes sistemas, algo pouco habitual e que noutros animais correspondería a fases máis adultas.

Segundo explica a investigadora, este achado abre novas vías de es-



tudo, xa que ata o momento apenas existían referencias científicas sobre a rata topo en condicións naturais. Ademais, subliña que o sistema vomeronasal pode ser clave para comprender o comportamento destes roedores e mesmo contribuir a desenvolver estratexias para controlar a súa reprodución.

No marco do proxecto tamén se levarán a cabo probas de campo en parcelas cedidas por gandeiros de Triacastela, co obxectivo de com-

probar a aplicación práctica dos resultados. As primeiras impresións apuntan a resultados prometedores.

A autora, que conta para o desenvolvemento do seu traballo a dirección de Pablo Sánchez Quinteiro e a colaboración de Irene Ortiz Leal, destaca a imaxe de portada da revista, a unha técnica inmunohistoquímica realizada no departamento de Anatomía da Facultade de Veterinaria do Campus Terra, en Lugo.

## O alumnado de Triacastela promove entrevistas a través de MundoTria Radio

O CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela viveu unha xornada especial coa visita da alcaldesa Olga Iglesias, quen participou como convidada nun novo programa de MundoTria Radio, a emisora escolar. Durante a sesión, a alcaldesa foi protagonista dunha entrevista na que compartiu tempo e conversa cos nenos e nenas, transmitindo a mensaxe de que con ilusión, paixón e traballo é posible cumprir os soños.

Noutra xornada, a emisora escolar realizou unha entrevista a Lucas López, presidente da Asociación de Veciños de Salcedo. Durante a conversa, López explicou aos estudantes diversos aspectos do Entroido Tradicional de Salcedo, unha celebración enraizada na comarca e que conta con figuras emblemáticas como O Oso de Salcedo. O presidente transmitiu a historia, o significado e a importancia de preservar esta tradición co paso do tempo. Os programas incluírán outras seccións do alumnado, como "Que pasa no cole?" e "A bolsa viaxeira", nas que os estudantes comparten novas e iniciativas relacionadas coa vida escolar. Desde o centro educativo agradeceron tanto a colaboración de Olga



como a de Lucas López, destacando a súa disposición para achegar ao alumnado á cultura, a historia e as

tradicións locais, fomentando o interese pola identidade e o patrimonio da zona.

**Peluquería Isolina**

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

## A vila acolle cursos de Protección Civil e prevención de incendios



A Xunta de Galicia impulsa un programa formativo destinado ao persoal das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, con seis cursos que ofrecen un total de 143 prazas distribuídas nos municipios de O Vicedo, Quiroga, Vilalba e Triacastela. O obxectivo principal destes cursos é dotar aos participantes de coñecementos prácticos e actualizados para mellorar a súa capacidade de resposta ante situacións de emerxencia.

Dentro desta programación tamén se ofrecerán dous cursos presenciais específicos de prevención e loita contra incendios urbanos e forestais, que se celebrarán do 10 ao 19 de abril en O Vicedo e do 15 ao 24 de maio en Triacastela. Estas accións formativas inclúen técnicas de extinción, manexo de equipos especializados e protocolos de coordinación coas forzas de emerxencia, garantindo unha preparación integral para diferentes escenarios.

Unha das prioridades da formación é o manexo dos desfibriladores externos, co obxectivo de aumentar as taxas de supervivencia nos pacientes con morte súbita. A través destes cursos, os participantes adquiren competencias para realizar reanimación cardiopulmonar (RCP) e desfibrilación precoz, mellorando o acceso á asistencia sanitaria e re-

ducindo os tempos de resposta en situacións críticas.

A Agasp, centro de referencia na formación das forzas e corpos de seguridade e dos servizos de emerxencia en Galicia, é a encargada de impartir estes cursos. Os contidos están actualizados e adaptados á realidade do traballo diario destes profesionais, co fin de garantir a protección da cidadanía galega e fortalecer a súa seguridade.

Ademais de reforzar as capacidades técnicas, a iniciativa busca sensibilizar aos voluntarios sobre a importancia da prevención, a coordinación e a actuación rápida en situacións de risco, contribuíndo á profesionalización e á eficacia das Agrupacións de Protección Civil no territorio galego.

Ademais, os cursos inclúen formación en comunicación e coordinación con outros servizos de emerxencia, permitindo que os voluntarios poidan actuar de forma máis eficaz en situacións complexas ou simultáneas. Esta preparación integral non só mellora a capacidade de resposta inmediata, senón que tamén contribúe a fortalecer a confianza da cidadanía nas Agrupacións de Protección Civil, promovendo unha cultura de seguridade e prevención que chega a todos os municipios participantes.

**STIHL**

MÁXIMA CARGA ESTA PRIMAVERA PARA LOS MÁS ERGENTES

GRATIS BATERÍA ADICIONAL EN MODELOS SELECCIONADOS

¡MÁS QUE NUNHA! 489€

¡DESCOUBRE EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL!

**Ferretería Sarriá**

Pedro Saco 33, Sarriá. Telf. 982 532 202

# DEPUTACIÓN

## Investirá nas Reservas da Biosfera 340.000 euros

A Xunta de Goberno aprobou unha nova edición das axudas dirixidas ao tecido asociativo das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses. A institución provincial destinará 340.000€ a entidades sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade nestes territorios, a través de diferentes convocatorias. Así o deu a coñecer o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a reunión semanal.

Rivera Capón explicou que estas axudas enmárcanse no compromiso da Deputación coa conservación e dinamización socioeconómica das Reservas da Biosfera e que se convocarán dúas liñas de axudas para investimentos e outras dúas para actividades, como xa se fixo o pasado ano.

As accións encamiñadas a promover a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios contarán cun orzamento total de 150.000€: 100.000€ para repartir en proxectos que se enmarquen en Terras do Miño e outros 50.000€ para iniciativas que

se desenvolvan nos Ancares. Os solicitantes poderán recibir unha achega económica de entre 2.000 e 12.000€ - con posibilidade de anticipo de ata o 50% - para destinar á reposición de sendas e camiños; conservación de elementos culturais e etnográficos como hórreos, pallozas ou muíños; proxectos que promovan a divulgación do patrimonio das Reservas; ou para fomentar o emprego e a produción local tradicional.

As actividades relacionadas co lecer saudable e a educación ambiental contarán un ano máis cun total de 190.000€: 120.000€ a repartir entre os colectivos que propoñan iniciativas no marco das Terras do Miño; e outros 70.000€ para propostas que teñan lugar nos Ancares Lucenses. Os solicitantes poderán pedir, novamente, entre 1.000€ e 7.000€ por cada proxecto. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación das axudas no Boletín Oficial da Provincia, prevista para despois da Semana Santa.

## O PSdeG defende a autonomía local, a paz e o dereito internacional

O Grupo Socialista defendeu no Pleno dúas iniciativas centradas na defensa do municipalismo e dos servizos públicos, así como no compromiso coa paz e co dereito internacional. Por unha banda, presentou unha proposta de Goberno en defensa da autonomía local e do financiamento dos concellos e deputacións fronte ao anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia impulsado pola Xunta; e, pola outra, levou unha moción en defensa da paz e da resolución diplomática dos conflitos.

A primeira das iniciativas aborda o anteproxecto de Lei de Administración Local impulsado pola Xunta, que o PSdeG considera que “lonxe de fortalecer o municipalismo, debilita a autonomía dos concellos e das deputacións, amplía as súas obrigas sen financiamento e incrementa o control da Xunta sobre as entidades locais”.

O Grupo denuncia que o texto nace con importantes deficiencias, tanto no procedemento de elaboración,

ao omitir a consulta pública previa e as memorias económicas preceptivas; como no seu contido, ao introducir cambios que afectan directamente á capacidade de autogoberno das entidades locais.

A segunda iniciativa é unha moción en defensa da paz e do dereito internacional ante a escalada en Oriente Medio, unha situación que, segundo explica Pilar García Porto, “non pode resultarnos allea, nin como persoas, nin como galegas e galegos”.

Subliña o alto custo humano, social e económico dos conflitos armados e advirte que as súas repercusións globais tamén afectan a territorios como a provincia, co seu marcado carácter gandeiro. Lembran que Lugo xa “sufriu dun xeito agudo as consecuencias da guerra de Ucraína sobre os prezos do diésel ou das forraxes” e alertan de que “un novo incremento do prezo do combustible ou o peche de rutas comerciais fundamentais pode ser un novo golpe importante para a nosa economía”.

## A presidenta reúnese con Rueda e presenta un decálogo de medidas

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, unha reunión institucional co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, no despacho presidencial de San Caetano, nun encontro que se prolongou durante case dúas horas e no que se abordaron os principais retos e necesidades da provincia.

A reunión fora solicitada pola presidenta no mes de xaneiro, coincidindo co inicio do seu mandato á fronte da institución provincial, co obxectivo de establecer unha canle directa de diálogo e cooperación entre ambas administracións.

Durante a xuntanza, Carmela López fixo entrega ao presidente da Xunta do documento Decálogo para o futuro da provincia de Lugo, no que se recollen dez liñas estratéxicas orientadas a reforzar os servizos públicos, apoiar o municipalismo e impulsar o desenvolvemento económico e social do territorio.

Este documento estrutúrase arredor de ámbitos clave como a administración local, os servizos sociais, as infraestruturas, a sanidade, a educación, o ámbito universitario, a política industrial, a vivenda, o transporte público e a prevención de lumes.

No ámbito institucional, a Deputación trasladou as alegacións presentadas ao anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia, incidindo na necesidade de revisar en profundidade o texto para garantir o respecto á autonomía local. Neste sentido, a presidenta advertiu de que o actual anteproxecto amplía as obrigas e competencias dos con-



cellos e deputacións sen incorporar un financiamento suficiente, o que pode comprometer a súa capacidade de actuación. Así mesmo, puxo o acento na importancia de definir con claridade as competencias municipais e de garantir un modelo de financiamento estable, transparente e adaptado á realidade do territorio. López trasladou aos medios de comunicación a boa acollida que tiveron as alegacións da Deputación ao anteproxecto, “agradeceu o ton construtivo das nosas propostas e o presidente comprometeuse a fixar un novo encontro Xunta-Deputación despois da Semana Santa para analizar as alegacións presentadas por nós nese sentido”.

En materia de servizos sociais, López puxo en valor a rede pública provincial de centros de atención a maiores, que proxecta 18 residencias que supoñen máis de 650 prazas e centos de empregos directos, e trasladou a

necesidade de que a Xunta participe no seu financiamento ou as integre na rede autonómica. “Rueda dixo un non rotundo a colaborar coas nosas residencias ata que a Xunta de Galicia non teña rematado o seu plan de residencias, pero as competencias de servizos sociais son da Xunta e non pode esquecerse”.

Así mesmo, incidiu na situación do Servizo de Axuda no Fogar, no que o incremento de custos está a recaer de maneira crecente nos concellos, polo que se solicitou a actualización dos módulos autonómicos para garantir a súa viabilidade.

No ámbito das infraestruturas, abordáronse proxectos estratéxicos para a provincia, como a VAC Costa Norte na Mariña, a Rolda Leste de Lugo ou a autovía Nadelá-Monforte. Tamén se expuxo a conveniencia de transferir á Xunta aquelas estradas provinciais que cumpren unha función de vertebración autonómica.

## O Pleno valora os 25,5 millóns de euros do Plan Deputación

O Goberno provincial levou ao Pleno ordinario do mes de marzo o debate e aprobación da relación de actuacións e proxectos que poderán levar a cabo os 67 concellos de Lugo ao abeiro do Plan Deputación 2026. Esta ferramenta, que é o principal instrumento de cooperación cos municipios da institución provincial, impulsará este ano con 25,5 millóns de euros de fondos públicos: 300 actuacións, 274 novos postos de traballo e máis de 200.000 horas de axuda no fogar para 2.000 persoas.

A Deputación achega a este Plan un total de 22,25 millóns de euros, unha cantidade coa que o Goberno provincial reforza o seu compro-

miso de cooperación cos concellos para que poidan manter e mellorar a prestación de servizos á cidadanía. O Plan Deputación, que conta tamén cunha aportación de 3,26M€ dos concellos, ten tres eixos importantes: investimentos, servizos sociais e emprego.

Este programa responde ás necesidades concretas de cada municipio, reforzando a súa autonomía e responsabilidade. Ademais, garante unha distribución dos fondos transparente e baseada en criterios obxectivos, favorecendo así a equidade e o desenvolvemento equilibrado do territorio. O reparto baséase na ponderación dos concellos en

canto a poboación (40%); núcleos de poboación (25%), superficie (20%), ou o envellecemento da poboación (15%), cun límite por municipio dun mínimo de 150.000€ e un máximo de 600.000€.

A aprobación en decembro das bases e do reparto municipal permitiu ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor estes recursos. De feito, este é o sexto ano consecutivo que o Executivo provincial saca adiante o reparto deste programa no exercicio anterior ao seu período de vixencia.

# COLABORACIÓN

## Kung Fu: habilidade transferida

O TIGRE E A GRÚA: A DANZA DOS OPOSTOS



José Manuel Nunes

Como xa vimos en artigos anteriores, o Kung Fu constitúe unha manifestación máis da natureza da vida. A través da metódica pu-xilística, impregnada pola idiosincrasia dos pobos chineses, celébrase a observación atenta das leis naturais e a aprendizaxe que delas se desprende. O concepto universal do infinito —sen principio nin fin—, ese fluxo constante de creación e destrución, orienta o cultivo das terras, a medicina tradicional e tamén as artes marciais da antiga China.

Así naceu esta historia, que se perde na memoria do tempo: Nalgún lugar do sur da China, nunha idade tan afastada que resulta imposible de determinar, unha grúa repousaba nun regato de pequeno caudal, nun val rodeado de bambú. Símbolo de lonxevidade, equilibrio e elegancia, permanecía en repouso, allea —ou iso parecía— á presenza dun tigre agochado entre o bosque de bambús. Grande, pesado, poderoso, avanzaba con sixelo calculado. Observábase coa seguridade do cazador que considera resolto o destino da súa presa.

Mais a ave percibiu axiña a presenza do depredador. Non se inmutou. As grúas voan. Os tigres non.

De vagar, describindo círculos arredor dela, o soberano do val foise achegando. Cada paso afirmaba o seu dominio e proclamaba a súa supremacía. Era como se lle dixese: «Non tes medo, fráxil criatura? Acaso ignoras a miña forza?»

E, a grúa, impasible na súa verticalidade elegante, parece responder: «Túa é a potencia e teu o peso. Brutal a túa trabada, letal a túa poutada. Podes

quebrar o meu corpo; mais meu é o poder de impedir que me alcances».

O ataque produciuse coa violencia dun lóstrego. O tigre saltou. A grúa esquívouno. Unha vez. Outra máis. Movía as ás con economía precisa, elevábase apenas un palmo, mudaba o ángulo do corpo cunha xeometría case imperceptible. Non fuxía, podendo facelo. Parecía estar a brincar, a xogar coa musculosa besta.

O felino insistiu, confiando na súa forza explosiva. Mais cada embate atopaba o baleiro. Até que, no momento exacto, cando a respiración do tigre se volveu máis pesada e a súa furia máis torpe, a grúa atinou cun movemento simple e perfecto, peteirándolle un ollo. A dor fixo o resto. O cazador, vencido pola súa propia precipitación, retirase entre o bambú. O silencio volveu ao val, como se nada tivese acontecido.

Co paso das xeracións, o relato transformouse. Nalgunhas liñaxes de Kung Fu falouse dunha serpe e dunha grúa; noutras, dun raposo. Mesmo se tentou vincular a escena coa tradición Shaolín, afirmando que un monxe tería presenciado o suceso e, inspirado nel, técnicas zoomórficas que asentarian as bases do estilo. A historia adórnase, interprétase, reelabórase; mais a súa esencia permanece.

Non é cuestión de forza illada. Non é só cuestión de axilidade. É cuestión de integración dinámica, de simbiose, metamorfose.

Nos boxeos do sur da China ensínase que no combate —e, por extensión, na vida— debemos cultivar o corazón do tigre para avanzar, e o espírito da grúa para responder. Desa síntese naceu a coñecida forma Fu Hok, “Tigre e Grúa”, no Kung Fu Hung Gar: unha Rutina, Forma, que codifica, nunha secuencia estruturada, a alternancia constante entre dureza

e suavidade.

A grúa ensina a ceder sen quebrar, a fluír sen dispersarse, a dominar a posición e o espazo. O tigre ensínanos a decidir sen vacilación, a avanzar cando chega o momento oportuno, a liberar unha forza explosiva. Un abre o camiño; o outro péchao.

Nesa danza circular recoñécese o diálogo entre Yin e Yang, non como principios diferenciados, senón como estados dinámicos dunha mesma realidade. O baleiro convértese en cheo; o cheo retorna ao baleiro. As mans transfórmanse en gadoupas ou en peteiros segundo o requira a circunstancia. O corpo ora é látego, ora é montaña. A mente baléirase de intención rixida e permítenos percibir o instante oportuno, habitar unha reacción limpa e libre.

Así concíbese o Kung Fu tradicional: non como acumulación mecánica de técnicas, senón como comprensión profunda do camiño da vida.

Mais esta ensinanzas non pertence só aos patios de práctica nin ás lendas transmitidas até os nosos días. Pertence á experiencia diaria. Cada persoa enfróntase a desafíos que esixen decisión e, simultaneamente, capacidade de adaptación. Hai momentos en que debemos actuar con firmeza; noutros, cómpre saber ser prudentes e agardar que as circunstancias se definan por si mesmas.

No camiño da vida haberá dificultades, caídas e golpes inesperados. Haberá metas que parecerán afastarse cada vez que nos achegamos a elas. O que marca a diferenza é a actitude coa que os atravesamos: resiliencia, resistencia, tenacidade. A vontade firme de erguerse tantas veces como sexa preciso, como un guerreiro ou guerreira Kung Fu.

Non é apenas practicar patadas, golpes de puño, proxecións ou luxacións. Constrúese



día a día a través do “Esmero Constante”: disciplina, compromiso con nós mesmos. Cada práctica danos algo máis que destreza física; danos carácter. Aprendemos a saborear a dor do esforzo, a aceptar o erro como parte do proceso, a transformar a frustración en combustible de perfeccionamento.

E pouco a pouco comprendemos que o verdadeiro combate non se libra contra un adversario externo, senón contra as adversidades da propia vida

e contra as nosas limitacións interiores. Ser firmes por fóra como o tigre; ser lixeiros por dentro como a grúa. Esquivar con elegancia e responder con contundencia explosiva.

Así, mentres transitamos o camiño e as pegadas desaparecen detrás de nós —como trazos efémeros na area húmida da praia— herdamos esa lección ancestral, onde o tigre e a grúa continúan danzando nun anel perpetuo que simboliza a manifestación binaria dunha mesma realidade.

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@sarriaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU 57-2021

## DEPORTES

### Visibilizan nun partido o labor de Diversa Infantil

O CB Breogán dedicou o partido fronte ao Manresa a dar visibilidade e recoñecer o traballo da Plataforma pola Diversidade Funcional Infantil da Comarca de Sarria, unha entidade impulsada por familias de nenos e nenas con diversidade funcional.

A plataforma centra a súa actividade en tres ámbitos principais: o asesoramento ás familias, a promoción da accesibilidade en espazos públicos e a sensibilización arredor da discapacidade infantil mediante actividades culturais e lúdicas. Noelia Gómez puxo en valor a relevancia de contar con “espazos de sensibilización como o que ofreceu” este encontro deportivo e animou á afección a apoiar propostas que impulsen unha inclusión real das persoas con discapacidade e diversidade funcional.

Neste sentido, destacou o papel da Fundación Breogán, que a través de proxectos como Arcos ou Persoas desenvolveu, segundo

indicou, unha labor efectiva de inclusión.

Pola súa banda, Salva Arco amosou a satisfacción do club por contribuír a dar visibilidade a entidades que melloran a sociedade e subliñou o papel do deporte como ferramenta para transmitir valores e favorecer a integración. Ademais, incidiu na necesidade de que todas as entidades que organizan actividades para a infancia se impliquen na creación de condicións que permitan unha inclusión real.

Efrén Castro, vicepresidente da Deputación de Lugo, destacou tamén a importancia do deporte no avance cara a unha sociedade máis inclusiva, especialmente polo seu peso no tempo de lecer das crianzas, e subliñou a necesidade de manter unha escoita activa e unha colaboración constante con colectivos como Diversa Sarria para seguir avanzando neste ámbito.

### A S.D. Rubián regresa á categoría Segunda Futgal tras impoñerse ao Incio CF



A S.D. Rubián certificou o seu ascenso a Segunda Futgal tras vencer por tres goles a dous a O Incio Terra Brava CF nun intenso encontro disputado no campo de O Poste, nun ambiente marcado polo apoio constante da afección local.

O conxunto de Bóveda saltou ao terreo de xogo con determinación e boas sensacións, logrando adiantarse no marcador cunha vantaxe de dous goles que reflectía o seu dominio nos primeiros compases do partido. Porén, o equipo visitante reaccionou e conseguiu equilibrar o resultado, aproveitando os seus momentos de maior acerto

para devolver a igualdade ao encontro e manter a incerteza ata o tramo final. Co marcador empatado e o partido completamente aberto, a tensión foi en aumento, cun ritmo alto e ocasións para ambos os dous equipos. Finalmente, foi a S.D. Rubián quen logrou decantar a balanza ao seu favor cun gol nos últimos minutos, desatando a celebración tanto no campo como nas bancadas.

Este triunfo permite ao conxunto bovedense regresar á Segunda Futgal, a oitava categoría do sistema de ligas do fútbol masculino galego.

### O estadio de A Ribela contará cun novo videomarcador

O Concello de Sarria deu un novo paso na mellora das infraestruturas deportivas coa adjudicación do contrato para a instalación dun videomarcador no estadio municipal da Ribela. A actuación, cun importe de 39.333 euros, estará financiada integramente pola Deputación de Lugo. Ao proceso de licitación presentáronse catro empresas, resultando finalmente seleccionada a firma Mondo Ibérica, que será a encargada de levar a cabo os traballos. Segundo as condicións establecidas, a empresa dispón dun prazo de catro semanas para a subministración, montaxe e posta en funcionamento do novo equipamento. Con esta actuación, o recinto deportivo contará cun sistema mo-



derno que permitirá mellorar de forma notable a visibilidade do marcador e do tempo de xogo tanto para os futbolistas como para o colectivo arbitral e o público asistente.

Ademais, o novo dispositivo facilitará a comunicación de información relevante durante os encontros, contribuíndo a unha experiencia máis completa para os afeccionados.

### O Taekwondo Sarria suma éxitos no Open da Cerámica en Castellón

O club AC Taekwondo Sarria destacou no Open da Cerámica, celebrado en L'Alcora (Castellón), nunha cita que supuxo ademais a primeira saída do equipo fóra de Galicia. A expedición, integrada por deportistas das modalidades de *poomsae* e combate, regresou cun balance moi satisfactorio tanto en resultados como en experiencia deportiva e de grupo.

A competición serviu para confirmar o bo momento de forma do conxunto sarriano, que leva semanas amosando unha evolución notable.

Máis alá das medallas, desde o club destacan o valor da convivencia e do traballo en equipo nun desprazamento destas características, no que os participantes tiveron a oportunidade de medirse con rivais doutros territorios e seguir medrando no ámbito competitivo.

No apartado colectivo, o equipo acadou importantes posicións, logrando o segundo posto na clasificación xeral de poomsae infantil e tamén na categoría adulta.

Ademais, o conxunto conseguiu unha destacada segunda posición na clasificación xeral por equipos, consolidando así o seu papel como un dos clubs máis



regulares do campionato.

En canto aos resultados individuais, o balance foi igualmente positivo, cun amplo número de medallas en distintas categorías. Martín Varela destacou especialmente ao proclamarse campión en individual benxamín e tamén en parella benxamín xunto a Carla Rodríguez. Nos tríos infantís, o equipo formado por Mauro García, Sergio Castro e o propio Martín Varela acadou unha segunda posición, resultado que tamén repetiu outro trío integrado por Aylen Pumarega, Daniela Maside e Carla Rodríguez.

Outros deportistas que subiron ao podio foron Sergio Castro, segundo en benxamín masculino individual, e Carla Rodríguez,

terceira en benxamín feminino individual, mesma posición que conseguiu Mauro García na categoría benxamín masculina. Nas probas por parellas infantís, tamén se acadaron terceiros postos con diferentes combinacións de deportistas do club, amosando a profundidade e nivel da canteira.

Desde a entidade valoran moi positivamente tanto os resultados como a experiencia vivida, subliñando que este tipo de competicións contribúen a reforzar a cohesión do grupo e a motivación dos máis novos.

A AC Taekwondo Sarria continúa así consolidando a súa progresión e sumando éxitos nunha tempada que está a deixar moi boas sensacións.

# “Estamos a traballar por manternos nesta categoría”

**Ramiro Valcárcel Vázquez é o novo adestrador da SD O Páramo, un proxecto que asumiu con ilusión ao ter sido parte do equipo hai anos**

**Jessica Fernández**

A SD O Páramo, que desde o ano 2024 compite en Segunda Autónoma de Galicia, conta cun novo adestrador desde hai uns meses, Ramiro Valcárcel, quen valora positivamente a oportunidade de dirixir este equipo, sendo a primeira vez que o desenvolve o papel de técnico nun equipo sénior. “O Páramo quería un novo adestrador, chamáronme, eu vin o cadro de xogadores, pareceume boa e que se podía traballar con eles. Fíxome ilusión porque eu estivera xogando no equipo hai anos e é a primeira vez que adestro un equipo sénior”, explica.

Así, o percorrido nestes meses é “positivo, porque eu aprendo moito, é unha experiencia no ámbito do fútbol e para a vida. Estou contento porque os rapaces teñen unha predisposición moi boa, veñen adestrar habi-

tualmente e estamos a traballar por conseguir o obxectivo de manternos nesta categoría, xa que collín o equipo nunha situación delicada, pero vexo boa predisposición e bo xogo para conseguir a meta”, e incide en que “estou moi contento no club e sintome cómodo”.

Con respecto aos xogadores, estes adestran os mércores e os venres ás 20.45 horas e duran arredor de 2 horas. “Adestramos tan tarde para permitir a compatibilidade cos estudos ou cos traballos dos profesionais. Hai xogadores incluso que viven en Coruña ou Santiago e eles só poden adestrar un día”, sostén o técnico.

“Pero tamén temos xogadores do Páramo e da comarca”, pon en valor, destacando a afección: “Temos moita afección e sobre todo moi comprometida co equipo. Nunca nos sentimos sos

nos partidos, sempre hai xente animando, incluso nalgún campo era máis xente do Páramo que do equipo local e iso hai que sinalalo. Todo isto repercute no ánimo dos xogadores que se senten agradecidos por este apoio que nos fai estar centrados no obxectivo de manternos nesta categoría, xa que nos animan en vez de criticarnos cando as veces non saen as cousas”, destaca.

Con respecto ao equipo, di que “o núcleo de xogadores é bo. Está Borjita, que leva desde o ano 2010 no equipo, que é o capitán, e é un valor a resaltar porque tira moito polo grupo e ten valor que leve tanto tempo; logo está Juan, que é o dianteiro, que é do Páramo, tira moito polo club, encárgase de levar a roupa, axuda bastante; logo está Julio, Teo, Juan Rivero, Hugo, Pepe, Miguel... persoas que levan moitos anos no club... Non



quero destacar a ningún por riba do outro, xa que temos moi bo equipo. Para min todos son moi importantes porque veñen adestrar e non poñen mala cara cando non xogan”.

Con respecto ao tipo de xogo, di que “intentamos gañar xogando mal, se perdemos da maneira que non nos gusta, non desfrutamos, e para desfrutar hai que ter o balón. Esta categoría é para desfrutar, hai que xogar ben e se non gañamos, polo

menos nos divertimos. O fútbol é para divertirse porque nesta categoría non se pode vivir do fútbol, só lles dan a roupa para os partidos. O club convídanos a comidas e ceas para compensarnos e tamén nós agradecemos ao club que faga ese esforzo”, defende. Así, remata dando as grazas ao club por confiar “en min e aos xogadores por estar sempre dispostos a traballar e a intentar sacar o equipo adiante”, conclúe.

## A tempada de caza será do 18 de outubro ao 6 de xaneiro de 2027

A nova tempada de caza arrancará en Galicia o 18 de outubro e estenderase ata o 6 de xaneiro de 2027, con carácter xeral. Así se propuxo ante os membros do Comité Galego de Caza que se reuniron para analizar a normativa que regulará as épocas hábiles para a práctica da actividade cinexética, as medidas de control por danos e os réximes para cada especie de cara á tempada 2026-2027. Durante o período hábil xeral da próxima tempada permitirase o exercicio da actividade os xoves, os domingos e os festivos de carácter estatal ou autonómico.

En concreto, no que respecta ao xabaril, no réxime cinexético común o período xeral de caza abranguerá do 15 ao 31 de agosto e do 7 de xaneiro ao 28 de febreiro de 2027, os xoves, sábados, domingos e festivos; e do 1 de setembro ao 5 de xaneiro os sábados nas modalidades de batida, montaría e espera. Así mesmo, no réxime cinexético especial a tempada irá do 15 de agosto ao 28 de febreiro de 2027, os xoves, sábados, domingos e festivos nas modalidades de batida, montaría e espe-

ra. Ademais, co fin de reforzar o control desta especie no contexto actual, avalíase a posibilidade de autorizar a caza de xabarís nos axesos de corzo que se realicen en terreos en réxime especial entre o 1 de abril e o 31 de xullo de 2027, sen descontar da cota de capturas aprobada, así como levar a cabo a caza en man para incrementar e optimizar o seu control.

En canto ao corzo, os machos adultos poderán capturarse en terreos en réxime común entre o 15 de agosto e o 17 de outubro, os sábados en batida/montaría e todos os días da semana na modalidade de axexo. En réxime especial, o período xeral será o mesmo, podendo cazarse tamén en axexo todos os días desde o 1 de abril ata o 31 de xullo do próximo ano. As femias adultas permanecen vedadas con carácter xeral, permitiéndose a súa caza puntual por danos e tamén nos tecores se está tecnicamente xustificada, en dous períodos concretos. Para o cervo, o gamo e o muflón, en réxime especial, o período xeral abranguerá do 13 de setembro ao 17 de outubro na

modalidade de axexo todos os días, podendo cazarse en batida/montaría os xoves, sábados, domingos e festivos entre o 17 de outubro e o 5 de xaneiro de 2027.

Na caza menor, no caso da arcea o período hábil xeral irá do 18 de outubro ao 6 de xaneiro de 2027. Para a lebre, a tempada estenderase do 18 de outubro ao 29 de novembro en terreos de réxime especial. O paspallás e o pombo torcaz coincidirán co período xeral, coa excepción da media veda na Antiga Lagoa de Antela entre o 22 de agosto e o 13 de setembro. O período xeral na modalidade de batida para a caza do raposo abranguerá do 3 de setembro ao 17 de outubro e entre o 7 de xaneiro e o 7 de febreiro de 2027, mentres que nas modalidades de caza menor rexerá o período xeral.

Ademais, establécese a veda para diversas aves, mentres que outras especies de caza menor se rexerán polo período xeral. Tamén se valoraron limitacións para o adestramento de cans, tendo en conta o período de cría das especies silvestres.

## A IV Ruta Triacastela reuniu 246 motos en case 100 km de percorrido 'off-road'



A cuarta edición da Ruta Triacastela destacou pola elevada participación, con 246 motos que se lanzaron a percorrer un itinerario off-road de case cen quilómetros polos montes de Triacastela, Samos, O Courel e Pedrafita do Cebreiro.

Moitos dos inscritos reuníronse xa o venres pola tarde en Triacastela, pero a xornada principal foi o sábado, cando completaron un total de 98 quilómetros. A saída realizouse ás 9 horas desde o polideportivo local, percorrendo diversos núcleos dos catro concellos e facendo unha parada para comer en No-

ceda. Ao longo do percorrido, os organizadores propuxeron diferentes probas de habilidade para aqueles que quixeron poñer á proba a súa destreza, engadindo un compoñente competitivo á experiencia.

A xornada finalizou coa cea colectiva no pavillón de Triacastela, acompañada da animación musical dun DJ de O Páramo. O evento está promovido polo equipo Team Zennon 4x4 Becerreá, que busca fomentar a convivencia entre afeccionados ao motor e, ao mesmo tempo, dar a coñecer os camiños e paraxes naturais da zona.

## DE RUTA EN RUTA

# Ruta do río Ouro en Alfoz

O percorrido conta cunha lonxitude total de 11 km, cun desnivel acumulado de 119 metros, e está considerada de dificultade

A ruta do río Ouro en Alfoz comeza na Área Recreativa de Fazouro, na Praia da Pampilosa, xunto á Ponte de Ferro. O itinerario pasa polas inmediacións da aldea de Fazouro e, a partir de aí, segue sempre o curso do río Ouro ata alcanzar a Presa da Pousada, tamén coñecida como Fervenza ou A Pena da Ruxida, que marca o punto final do percorrido. O regreso realízase polo mesmo camiño, pero en sentido contrario. O maior atractivo deste camiño é a vexetación e a frescura que acompaña todo o camiño, avanzando case sempre por un bosque frondoso sen apenas saír da contorna de Fazouro. A ruta conta cunha lonxitude total de 11 quilómetros, cun desnivel acumulado de 119 metros, e está considerada de dificultade moi fácil, polo que resulta ideal para facer en familia. O índice IBP sitúase en 32 HKG, co tempo total estimado en 3 horas e 15 minutos.

**XOIA NATURAL PROTEXIDA.** O río Ouro nace na vertente oriental da Serra do Xistral, espazo catalogado, ao igual que o propio río, como Lugar de Importancia Comunitaria dentro da Rede Natura 2000, sendo estes dous os principais ámbitos protexidos do Concello de Alfoz. Este pequeno, pero fascinante, percorrido polas marxes e zonas encharcadas do río permite descubrir a riqueza floral e faunística que abrigan estas augas e ribeiras, unha verdadeira xoia natural do norte lucense. O camiño arrinca nos muíños de Damián e continúa río arriba, onde se poden observar ameneiros, freixos, salgueiros e abeleiras que configuran as galerías fluviais nas



que se agochan aves como o picapeixes, o merlo ribeiro ou a lavandeira, en busca de peixes como a troita común ou a rara lamprea. Nas augas, habitan o mexillón de río ou madreperla, presente nunha das poucas poboacións galegas desta especie. Un percorrido de paisaxe e historia. Ao longo do itinerario, o camiñante pode desfrutar da beleza da paisaxe e da diversidade de flora e fauna que protexen as ribeiras do río Ouro, declarado Lugar de Importancia Comunitaria dentro da Rede Natura 2000. O percorrido esténdese por máis de 8 quilómetros, desde Bacoí ata A Maciñeira, pasando por espazos de gran encanto como os xardíns da Finca Galea, as áreas de recreo do Trece, a Ponte Nova e mesmo achegándose ao Castelo de Pardo de Cela. A ruta conclúe no Lugar de Maciñeira, na parroquia de Lagoa.



Pili Madeira  
FLORISTAS

bicarelo

Rúa da Liberdade, 137  
27600 Sarria (Lugo)

982 530 015 / 633 226 988  
floristeria@servimadeira.es  
www.floristeriamadeira.es



MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias  
Tanatorios  
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo  
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es